

Todas as imaxes antigas foron cecidas polas participantes de Con voz de muller.

Todas as imaxes actuais son autoría de Sara Vierna Fernández.

Tradución do castelán ao galego e revisión do texto de Rosa María Loureiro Redondo.

Todos os relatos son orixinais das participantes das sesións de traballo aínda que, nalgúns casos, foron traducidos de castelán a galego pero sempre mantendo moitas das expresións castelanizadas.

© do texto: Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz (Almas Meraki), © da presente edición: Almas Meraki

© Deseño e maquetación: Diana Adelaida Farré García

Decembro, 2019

Depósito Legal: C 1233-2020

Imprime: Imprenta Provincial

Archer Milton Huntington, 24

15011 A Coruña

Con voz de muller

MERA

Concello de Ortigueira

Concellería de Igualdade e atención á veciñanza

Centro de Información á Muller



Concello de
Ortigueira

Ler “Con voz de muller” é parecido a escoitar en directo as lembranzas de Fina, Lourdes, Mari Carmen, Pilar B., Pilar M., Marisol, Marita, Olga e Saruca. Todas elas conforman a historia viva da parroquia de Mera. As súas anécdotas e vivencias configuran unha crónica excepcional deste lugar no municipio de Ortigueira, partindo desde o punto de vista feminino, moitas veces esquecido cando falamos de historia.

Nas vosas mans tedes un traballo único, un percorrido desde a infancia ata a actualidade das protagonistas e, polo tanto, unha radiografía perfecta do que foi e do que é actualmente Mera. A ensinanza, a emigración ou o traballo cotiá son algúns dos aspectos que quedan plasmados nestas memorias, para que todos os veciños e veciñas teñan acceso a elas.

É de agradecer, primeiro a elas, a súa predisposición á hora de abrirse e contarnos detalles únicos. Tamén quero felicitar á Concellería de Igualdade e ao Centro de Información á Muller de Ortigueira por promover unha iniciativa tan terapéutica para elas e tan importante para a historia do municipio e da provincia.

Abrir estas páxinas é recuperar unhas lembranzas agochadas, é coñecer Mera como nunca antes se fixera, é descubrir como as mulleres influiron no progreso deste lugar e da súa xente. Os logros de todas estas mulleres xa son tamén os logros de toda Ortigueira.

Valentín González Formoso

Presidente da Deputación da Coruña

SAÚDO DO ALCALDE

É para min unha gran satisfacción como alcalde presentar a segunda edición do proxecto "Con voz de muller" promovido polo Centro de Información á Muller, dentro do marco da Concellería de Igualdade.

Se o ano anterior foron as mulleres de Loiba e San Claudio as protagonistas das publicacións, nesta ocasión ven a luz os relatos das mulleres de Espasante e de Santiago de Mera.

Con esta edición preténdese dar continuidade a un proxecto de recuperación da memoria histórica das parroquias de Ortigueira a través das narracións orais das súas mulleres e grazas a estes relatos vivos poder transmitir ás seguintes xeracións a forma de vida vencellada a un lugar concreto e senlleiro e o papel das mulleres no desenvolvemento dos pobos.

O meu agradecemento a todas as mulleres participantes nos obradoiros por compartir con nós o seu tempo, as súas experiencias vitais así como as súas emocións e sentimentos.

Juan Vicente Penabad Muras

Alcalde do Concello de Ortigueira

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	9
INFANCIA	27
MOJDADE E VIDA ADULTA	59
CULTIVANDO O PRESENTE	109



INTRODUCCIÓN

CAP. 1 |

O PROXECTO

A ORIXE

Hai anos que se veñen desenvolvendo nas parroquias do Concello de Ortigueira obradoiros de memoria dentro do Programa de Dinamización Sociocomunitaria, promovido pola traballadora social do Concello, Mercedes Regueira Vale. As mulleres participantes, que teñen entre 61 e 91 anos, traballan as lembranzas e o esquecemento das súas historias persoais. Elas van contando de relato en relato a súa vida, as súas experiencias e anécdotas que están unidas a unha terra, a un lugar e á vida da súa parroquia.

Ao escoitar todas estas historias pensamos que sería necesario mantelas, gardalas, recompilalas dalgunha maneira e que non caeran no esquecemento. Con ese espírito nace este proxecto que chamamos "Con voz de muller".

Crear un espazo, contar a túa historia, a túa vida é, en si mesmo, terapéutico. Un espazo para autonarrarte, autosentirte e autocoñecerte, pero tamén para que o resto poida entenderte e recoñecerte.

As mulleres estiveron durante milenios relegadas da transcendencia histórica. A igualdade no século XXI pasa por poñer en valor todas as achegas das mulleres, das nosas devanceiras. Este recoñecemento faise imprescindible. Por unha banda, coma homenaxe e dignificación a todas esas vidas en feminino, invisibilizadas inxustamente e, pola outra, para que as mozas de hoxe se pensen, se subxectivicen como seres con axencia e non como seres pasivos no devir da historia. Parafraseando á mestra Marcela Lagarde de los Ríos: "só cando as mulleres coñecemos, con sentido de descubrimento, ás mulleres próximas da nosa historia e da nosa xenealoxía, podemos xerar procesos de empoderamento simbólicos e recoñecemos e identificarnos con devanceiras concretas."

Neste proxecto con diferentes mulleres rurais do Concello de Ortigueira quixemos facer un traballo de autoconciencia colectiva, recoller as súas historias de vida, mergullarnos entre as súas narrativas, recuperar as súas achegas e posicionalas finalmente

onde se merecen. En definitiva, trátase de reescribir a Historia destas parroquias a través da historia das súas mulleres.

Os obxectivos que perseguimos con esta iniciativa foron os de crear un espazo de empoderamento para as mulleres a través da reflexión e da indagación das súas propias historias de vida, o de recuperar a súa memoria poñendo en valor o seu legado, e dignificando a contribución e a presenza das mulleres na comunidade local.

O proxecto foi executado a través de catro sesións que duraron entre dúas e dúas horas e media a modo de obradoiro. A través destas reunións coas mulleres de cada parroquia emprendemos unha viaxe dende a infancia ata a actualidade, recoñecendo os feitos e vivencias que definen a estas mulleres hoxe en día. Falaron dos espazos que ocupaban, das actividades ás que se adicaban, dos aspectos da súa contorna nos que ELAS foron axentes de cambio.

Tamén houbo outras actividades como a recollida de fotografías, cartas, obxectos ou unha singradura polos lugares máis significativos para elas.

Esta publicación que tes nas túas mans é un relato que une os testemuños das mulleres participantes nas sesións da parroquia de Mera.

Faláronse de moitas máis historias das que aquí se recollen e hai moitos máis testemuños que quedarán no noso recordo, testemuños que, pola súa intimidade e carga emocional, quedarán unicamente na lembranza das presentes.

No texto intentouse respectar as súas expresións e os seus recordos de maneira literal, como elas nolo contaron. Algunhas palabras traídas da emigración e expresións diferentes dependendo das parroquias tamén compoñen o groso das súas historias de vida.

Pero esta publicación é moito máis que unha compilación de historias de vida. É un exemplo de loita, de dedicación, de esforzo, de paciencia, de entrega, de valor e de crecemento de todas estas mulleres.

Para este proxecto contouse con Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz, da entidade Almas Meraki. Elas foron as facilitadoras das sesións de grupo de cada parroquia acompañadas de Ana Dopico e de Rocío Blanco do Centro de Información á Muller.

Ademais, Almas Meraki escribe e dálle forma ao proxecto "Con voz de muller", contando coa inestimable colaboración de Rosa María Loureiro Redondo, filóloga galega, que fixo a tradución do texto ao galego e as correccións lingüísticas oportunas. E no deseño e maquetación con Diana Adelaida Farré García.

O noso agradecemento a Fina Martínez Díaz, Lourdes López Rodríguez, Mari Carmen Luaces Salgueiro, Marisol Muiños Fraguío, Marita Cornide Nieves, Olga López Fraga, Pilar Barcón Fernández, Pilar Montero Alonso e Saruca Pita Galán da parroquia de Mera. Agradecementos por adicarnos o seu tempo, pola súa xenerosidade, honestidade e valentía para narrar as súas biografías como mulleres.



CAP . 2 |

O ENCONTRO

Non existe certeza de como se dará a xuntanza, tan só sabemos que queremos escoitar as súas historias co propósito de honrar a memoria a través dos recordos, etapas vitais, viaxes, encontros e desencontros. As mulleres de Mera coñécense, moitas conviviron nesta parroquia dende que naceron e outras chegaron para quedarse hai xa moito tempo. Coñécense e, entre unha mestura de confianza e complicidade, os pequenos detalles das súas vivencias que aquí van desvelando, son, sen dúbida, un capítulo aberto na biografía comunitaria. Fina, Lourdes, Mari Carmen, Marisol, Marita, Olga, Pilar Barcón Fernández, Pilar Montero Alonso e Saruca. Comeza o relato desta viaxe a Mera a través da voz das súas mulleres.



CAP. 3 |

O LUGAR

Mira canta auga temos aquí, o orgullo é a auga

DESCUBRINDO MERA A TRAVÉS DA MIRADA DAS
SÚAS MULLERES

Mera é pasado e presente, acubilla a memoria do que foi e a presenza do que existe hoxe nesta parroquia. Percorrer este lugar implica un movemento continuo entre o que había noutrora e o que hai agora. A narración das mulleres axuda a recrear, con matices, detalles e lembranzas vivas, ese vaivén no tempo. Mera foi unha parroquia que axuntou riqueza e prosperidade durante moito tempo. Mostra diso é todo o que había a nivel de desenvolvemento industrial e comercial: dous serradoiros, Beluz carpintaría e Pepe das Casas, José de Fidel que facía carros de cabalos, Peteiro o zapateiro, o comercio de Irene e, a rentes del, o de María, un bazar de remendos, a ferraxaría de Maruxa Alvelo, a paquetería onde Elena de Casanova vendía camisóns e

roupa interior mentres que a súa irmá Clotilde tiña a zapataría; Carmen de Sabio co seu obradoiro de costura; a panadaría de Pepa de Salas; etc.

Ademais, viña moita xente ao médico e á farmacia de Mera porque non o había nas aldeas derredor, e mesmo a cultura tiña un espazo aquí. Tiveron un cinema primeiro na ponte e logo na sala de Dona Elvira e tamén a Banda de Música de Garrote e a de Rebollar. Con este nivel de desenvolvemento non é de estrañar que a comparación co momento presente sexa unha das cuestións máis importantes que queren abordar nesta fotografía panorámica de Mera.

Mera antes era moito e agora non é nada. En Mera xa había teléfono na central e mais gasolina que pedían en barrís; e había un surtidor e daquela tiña o teléfono Avelino. Había tres xastrerías, había primeiro droguería antes da farmacia, había de todo aquí! Despois de Ortigueira era Mera, non sei por que (...) Olga

Porque a avoa (refírese á súa) era amiga de todo o mundo na Coruña, entón o teléfono trouxérono por eles, a farmacia e o butano tamén. Saruca

*Tamén había barbería e perruquería, aquí poñían permanentes antes que en Ortigueira. **Olga***

Cóntannos que na maioría destes lugares eran homes os que traballaban pero tamén había lugares como na xastraría Pancho no que as mulleres calcetaban e co-sían. Nos bares, nos días de feira, tamén podías atopar mulleres traballando.

*Para divertirse había este salón de baile. Había unha porta que era como de corredoiras e cando había moita xente abríana e o portón este tamén (...) daquela bailábanse pasodobres e todo iso, o clásico. Alí, na casa de comidas, os homes maiores botaban a partida, as mulleres non viñan daquela. Comíase alí os días de feira, pola semana non. Servíanse queixos, callos, bistés, segundo o orzamento. De beber viño de barril, non de botella. **Fina***

Nesta peregrinaxe a través da parroquia comprendemos o impacto do despoboamento rural en Galicia. No barrio que máis xente ten agora, O Reto, atopamos varias casas baleiras e no ambiente hai un forte desexo de volver habitar eses fogares, de recuperar o sentido de comunidade. O Castro, que se avista dende o camiño, no Reto, é aínda un símbolo deste punto xeográfico.

Son mulleres que coñecen moi ben o terreo, percíbese a súa sabedoría por ter mamado e pisado cos seus pés eses lugares dende a súa infancia, pero tamén pola súa inquiredanza xenuína para comprender as reviravoltas e recantos de Mera. Se cadra, é precisamente iso o que sostén a diferenza entre *estar nun lugar e ser dun lugar*. Elas son de Mera.

A flora local, árbores e plantas, é un dos universos que mellor coñecen. Explicánnos que o fiollo, tamén chamado fiuncho, é unha planta anisada que empregan para aromatizar as castañas cocidas; e que este ano apenas puideron gozar das cereixas porque llelas comeron todas os paxaros. Pero detémonos en saber máis sobre as mazás de Mera, un froito emblema que medra de seu nesta parroquia.

*Antes collíanse á man e víñachas comprar á casa María de Pontedeume. **Fina***

*Poñíalas á porta e leváballas ela ás froiterías (...), aquí temos a mazá de príncipe. Na miña casa facíase sidra para todo o ano, tiñan un lagar para facela. Todo o mundo tiña maciñeiras antes. **Marita***

A súa mirada axúdanos a interpretar os montes que rodean Mera a través da súa forma de entender o terreo e os elementos que conflúen nel, que van variando segundo as súas experiencias vitais.

Os meus pais ían buscar o toxo para as cuadras, porque as cuadras non eran de cemento como agora, poñíase toxo para a vaca estar alí, para se deitar nel. **Marisol**

Antes os montes non eran para a madeira, eran para o gando, mesmo che pagaban por ir cortar o teu propio monte, antes non había eucaliptos como agora.

Mari Carmen

O eucalipto é o ouro verde de Galicia, son os que están a pagar as carreiras dos mozos. Antes do eucalipto moita xente pasaba fame. **Saruca**

Á xente nova non lle gusta o eucalipto. **Mari Carmen**

Á xente nova o que non lle gusta son os montes. **Marita**

Unha vez fomos a unha viaxe oficial a Brest (Francia) e mentres os maridos estaban nos barcos na escuadra, a señora do almirante díxonos: "ai!, vounas levar á miña

casa porque lles vou ensinar (...), conseguín unha árbore!". Chegamos alí e quedámonos todas parvas, un eucalipto!. Aquela muller sorprendeuse de que o coñeceramos. E cando viñan do estranxeiro vendo a semente dos eucaliptos polo chan (...) poñíanse todas a collela porque non coñecían o eucalipto." **Saruca**

No roteiro tamén hai espazo para o que aínda descoñecen e, tal vez, o que máis sorprende é a naturalidade coa que expresan esa ausencia de coñecemento sobre algunhas cousas que, para outras, pola súa propia historia de vida, resultan absolutamente obvias.

O domingo na misa riron de min porque non sabía que as vacas arriba non teñen dentes. **Mari Carmen**

Eu non o sabía. **Marita**

Eu tampouco. **Pilar B. F.**

Díxome (o meu fillo) Manuel: "vou ter que darlles unhas clases ás túas amigas igual ca nos colexios". **Saruca**

Pero onde vos criastes? Ben se sabe que non andivestes moito coas vacas (...) **Fina**

Durante este roteiro acompañanos unha personaxe transversal na historia da parroquia, o Río, que xunto cos cinco muíños de auga que había no seu percorrido,

é protagonista imprescindible deste lugar. Xa o expresa Marita con moita claridade: "mira canta auga temos, o orgullo é a auga", e anticipa así a centralidade do *ouro do futuro* para o noso planeta.



Cómpre salientar que o río foi eixo imprescindible do desenvolvemento humano de Mera. Por exemplo, para elas como punto de encontro para bañarse na infancia pero, sobre todo, era parte do motor económico da zona. Neses muíños a xente ía moer camiñando co saco na cabeza dende o campo do Souto, dende Sixto, dende A Rocha, etc. No río tamén había lavadoiros, no

parque na Vieida. Algúns facíanse na fábrica de madeira e lavábase de xeonllos; outros de cemento como na casa de Fina e así ían as mulleres unha vez ou dúas á semana para lavar. Hoxe é un río que tamén sufriu o paso dos anos e o seu propio *despoboamento*. As mulleres de Mera cóntannos que antes había moitas troitas e anguías pero que agora apenas queda nada.

"Este río non o coñeces porque o río anda por fóra", díxenlles aos que o traballaron. As troitas xa non poden subir, por iso lle chamo eu a piscina municipal. Non necesariamente había máis inundacións antes, as inundacións o que fixeron foi estragar moito, houbo moitos buracos por aí arriba que houbo que tapar. Antes o río nos invernos era totalmente distinto, enchíase tanto que non sabías cal era o río e cal era a pista porque están pegados, sentías as pedras grandes, blum, blum, blum (...). Na niña casa, que antes era unha adega onde coidabamos os pitiños, ás veces, metiamos ao porco e tivemos moitas veces que ir quitalo porque chegaba o río (...). En cambio agora pode chegar ao medio e nada máis. Antes chovía moito máis, houbo ocasión nas que podía entrar un animal nos ocos que facía o río, desfacía o camiño, ía a moita velocidade. Por exemplo, para limpar o río tivemos que pedir permiso a Augas de Galicia e para entubar

o que ía por baixo da casa, díxéronnos: "pedides permiso para limpar por fóra" pero a miña filla non espera os tres meses de trámite, pon as botas e límpao. Fina

No camiño atopámonos tamén coa antiga capela da Santiña da Casanova, unha Virxe que segundo contan achouse no monte, viña do Castro e hoxe é un dos espazos de encontro para as que van á misa semanalmente.

Xunto co río, a ponte de Mera é a outra protagonista de moitos dos relatos que fomos descubrindo neste itinerario. Todas están de acordo en que a decisión de tirar a construción foi unha gran perda para o lugar e que a poboación local debería opoñerse.

A ponte tirárona no oitenta e algo, unha decisión duns cantos de Mera. Dixeron que non se podía pasar e tirárona. Colleron as pedras e numeráronas e as pedras están por aí (...). Marisol

Outra das estruturas con historia da parroquia é o Viaduto do Tren de Liña que conecta Mera con Ferrol. O tren pasou por primeira vez no ano 1962, e supuxo un cambio realmente importante para esta localida-

de polo pulo económico que supuxo e polo servizo que ofertaba como medio de transporte, algo que agora ten decaído tamén pola redución de horarios.

Aquí traballou meu pai, os meus tíos todos. Construíuse nos anos trinta e nas vías traballou moita xente. Olga



Iamos a Ortigueira pola vía antes de pasar o tren, porque cruzábase máis dereito. É o viaduto máis alto de por aquí, iamos dende a ponte ata a reitoral a pé, pola vía adiante.

Fina

O camiño lévanos a descubrir outras zonas da parroquia. A Illa é un meandro formado polo río que se foi transformando co paso dos anos. Cóntannos que inicialmente alí había lavadoiros onde ían lavar as de Outeiro, que eran dezasete persoas na casa. Botaban na beira a clarear a roupa, tendíana e despois levábana para a casa. Sen dúbida, o río na illa tamén xoga ao seu antollo, como descubrimos no Pozo da Tagua (táboa). Neste punto non se sabe por onde corre a auga con maior profundidade, semella unha táboa pero agocha sorpresas.

De este xeito, este lugar de encontro xa dende os primeiros anos da xira, é agora un centro recreativo no que se organizan aniversarios, vodas e outras celebracións.

Na illa eran as primeiras xiras, e (...) aí ía máis xente que todo, moita xente. Eu non o pasaba ben porque non me gustaba que tiraran á xente ao río, porque ía medio mareada, pódese divertir un sen esas cousas. Fina

En contraste con outras zonas da parroquia, o Souto mantén unha parte importante do que no seu día significou como centro económico de Mera grazas ás

granxas, as terras e o contacto con outras empresas a diferentes niveis. Elas cóntannos que o Souto tamén deu traballo a moita xente, de feito, o que alí pasaba condicionaba as vidas das persoas que vivían en Mera. Algunhas como Fina ían moer alí a miúdo, outras como Marita e Olga lembran o moito que gozaban das festas populares que alí se celebraban e recordan con morriña tamén as misas que organizaba Dona Branca (a avoa de Saruca).

Saruca relata como unha noite ardeu toda a súa casa, de madeira, cando ela e a súa familia estaban fóra. Foi xusto cando a xente saía de ver unha actuación no teatro que viron as chamas do incendio. A unión, nalgún sentido, da xente da parroquia coa xente do pazo visibilizouse na axuda recibida para extinguir as chamas e para os labores de recuperación durante os días posteriores ao suceso.

Existía, con certeza, unha diferenza de clase entre O Souto e o resto da poboación, na que uns tiñan privilexios e outros carecían deles. De igual maneira demostrábase un sentido de comunidade que a avoa e o pai de Saruca mostraron a súa xenerosidade e colaboración en moitas ocasións.

O roteiro para descubrir Mera a través das súas mulleres é ademais una tentativa por tratar de captar a idiosincrasia da poboación local. Unha das súas peculiaridades é a importancia que tivo o teatro na parroquia, impulsado por Antonio Rivera e polo seu pai. Viñan artistas e obras de diferentes lugares exclusivamente actuar ao teatro local e reunía a público das localidades lindeiras. Olga actuou na súa mocidade con quince anos e lembra con nomes e apelidos algunhas das actrices e actores e as obras que pasaron por alí. Recita con soltura algún dos seus fragmentos, e por un intre temos a sensación de estar sentadas nunha butaca asistindo á *Rebotica*, a última obra que se representou alí. Entendemos, e así o suxiren algunhas delas, que quizais esa *cadencia teatreira* quedou no carácter propio da súa xente.

Neste retrato non podía faltar tampouco unha reflexión sobre o uso da lingua aquí, a partir do devandito popular: *as de Mera téñense por moito*. Profundamos nesa identidade autóctona. Explicánnos que a riqueza e o desenvolvemento da parroquia atraeu durante moitos anos a xente doutros lugares próximos que viña, por exemplo, traballar aos talleres mecánicos ou ás fábricas de madeira, ao médico ou a gozar da cultura

que alí había. E, sen dúbida, todos estes factores influíron ao longo do tempo na posición socioeconómica que ocupou e ocupa a poboación de Mera. Lingua e clase social son dous elementos que interactúan en relación no contexto histórico de Galicia, escoitamos durante varias veces no relato que en Mera se falaba principalmente en castelán e así nolo contan cunha anécdota que corrobora este feito

A ver, a unha moza de Feás que sempre falou castelán, dixerónlle cando ía cunha vaca: "fálalle en galego que non che entende", e ela respondeu: "non, non que a vaca veu de Mera". Fina

Remata a primeira parte do roteiro. Este lugar radio-grafado, mapeado a través dos ollos das súas mulleres é moi diferente a visitalo cunha lente androcéntrica. Esta foi unha peregrinaxe viva para humanizar dende diversas voces e miradas aquilo que un día foi Mera, coa historia de cada casa e cada local que atopamos e, sobre todo, coas biografías dos seus habitantes.

Sempre estrañei Mera, botaba de menos o sitio onde vivimos, á beira do río e da capela

O VENCELLO DENDE AS RAÍCES

Cando lles preguntas ás mulleres que nos acompañaron neste percorrido polo seu vencello con Mera expresan, dende a firmeza e o afecto, esa relación tan especial tecida a partir de circunstancias diversas e conectadas entre si nas raíces da súa identidade.

Eu nacín en Mera, paréceme un sitio moi bonito. É boa a xente que hai en Mera, antes porque estaban os meus pais e agora teño unha casa. Veño pouco, porque a miña familia non está moito por vir, pero a min gústame e gustaríame que viñesen máis os meus fillos e o meu home, pasar unha temporiña ou polas festas. **Lourdes**

Bueno (...) nacín aquí aínda que non me criei aquí. Gústame moitísimo Mera, teño demasiada xente en Mera (...) aínda que non viñeran todos xuntos era igual, pero que se lle vai facer (...) Gústame moitísimo vivir aquí, reláxame a miña casa, as miñas plantas (...) Téñoas fatal todas, entrou un fungo nos rosais (...) traballar no xardín reláxame, pasear (...). **Saruca**

Pois mira, nacín alí no Outeiro, xa me toman o pelo porque está no cu da galiña. Non son de pobo, son de aldea, de Mera. É distinto Mera, distinto ás outras parroquias. **Olga**

É especial para min porque teño a miña casa, o meu marido e vivo tranquila. Gústame todo, a xente, estou tranquila e ben. O meu sitio favorito é a miña casa, teño xardín e horta tamén, son caseira. É moi cómodo, teño o médico, a farmacia, unha tenda aínda que pequeniña. **Pilar M. A.**

Nacín en Mera, na casa na que xa naceu miña nai e para min Mera éo todo. Tamén teño unha horta pequeniña, teño algo de todo e un campo que dá moito que facer, pero para iso están a miña filla e o meu xenro que lle dan ao campo. Eu teño todo pegado ao río cheo de hortensias. O río agora gústame máis que antes porque está limpo. Ás veces, a miña filla baixa ao río e límpao. **Fina**

Eu nacín en Feás pero aos dous anos trouxéronme para Mera e criáronme aquí e logo funme para As Pontes aos vinte e sempre estrañei Mera. Botaba de menos o sitio onde vivimos, á beira do río e da capela, e ao meu marido metinllo eu e por iso retornamos para aquí. Eu tiña morriña sempre de ver o mar. **Marisol**

Sempre me gustou Mera. De Venezuela xa quixen vir para Mera, compramos un piso na Coruña e dixemos: nada, para Mera. Eu distraíome co xardín e coas plantas. Aínda vou a un terreo que teño alí plantar uns tomates, pementos, á miña maneira, cabaciñas a varrer e encántame. Curto a herba coa máquina, aos meus anos fago todo iso, gozo. Teño uns veciños moi bos por se me vai mal ou calquera cousa, agáchome no terreo, (...) encántame. A miña nai sempre dicía: "vai vir coidar de min a miña filla de Venezuela". **Marita**

Eu vin para aquí recentemente casada. Leveime moi ben coa xente, tiveron aquí aos meus fillos, fun moi feliz en Mera e aínda lle teño moito agarimo. Se teño que volver, tan feliz volvo. **Pilar B. F.**

Eu que queres que che diga, levo máis anos vivindo en Mera que en Landoi que é onde eu nacín. A xente, non sei, a xente gústame moito. Antes gustábame máis porque había máis cousas, é que agora quedamos tres pelagatos, boto de menos iso, que antes había máis vida e cousas. **Mari Carmen**



The background of the image features a repeating pattern of stylized, spiky flowers. Each flower has a central circular core with radiating lines, surrounded by a ring of small, pointed petals. The flowers are connected by thin, leafy stems. The pattern is arranged in a grid-like fashion across the entire page.

INFANCIA

CAP. 4 |

INFANCIA

Aos sete anos xa me mandaron interna ao colexio, eu non me explico esas cousas

A IDENTIDADE: OS NOMES E OS LUGARES

Sería máis apropiado falar das infancias en plural, aco-llendo así a infinidade de experiencias que as mulleres deste proxecto viviron nesta etapa. É moi relevante o feito de que para moitas delas é un dos momentos vitais que recordan con máis viveza, con máis nitidez. Lembrar non sempre significa idealizar, de feito, unha parte das memorias que recuperamos son duras porque falan de perdas, de obrigas demasiado temperás, de límites que a propia vida impón e de pobreza. Sí, pobreza económica pero tamén pobreza de afectos e oportunidades.

A forza do relato é imprevisible, ás veces propór unha pregunta como *Quen es?* significa xa transitar multitude de episodios importantes na vida destas mulle-

res. Na súa resposta comprendemos que para elas as orixes teñen que ver co lugar de onde se senten e coa súa identidade tecida ao longo da súa biografía. Cada unha coa súa propia expresión e entre momentos de silencios que tamén falan, saltos temporais dende a nenez ao nacemento dunha filla, e recordos que cobran vida propia, imonos achegando ás súas orixes.

*Os meus pais casaron en Cuba, logo viñeron para Mera, tiveron seis fillos. De Cuba trouxeron unha filla pero morréulles de meninxite e outro neno morreulles tamén, quedamos catro irmáns. A infancia foi ben e o meu pai tivo un coche de ir ás feiras e todo iso e, cando a guerra, quitáronllo e xa non llo devolveron. Traballaba na terra con vacas pero (...) vivimos ben. Polos meus pais estaba moi consentida, eu era a pequena. Miña nai nunca foi traballar ao terreo e eu tampouco (agora si). O meu pai tiña vinte vacas no monte e un cabalo, e montábame a min un pouco tamén. No verán deixábano no monte e no inverno traíano para a casa. Os meus avós tamén tiveron muíños antigamente, o seu muíño foi o máis antigo, non había ningún daquela. **Marita***

Nacín aquí, xa naceu a miña avoa na mesma casa, os meus avós (non sei cal deles), casei aquí e sigo aquí. De nena tiver unha infancia bonita para o tempo que era. Na miña casa había muíños e entón o meu pai traballaba na serra e sempre había que ter unha rapariga na casa porque eramos pequenas e o muíño ocupaba a unha muller e o demais había que facelo tamén. Entón foi unha nenez bonita. **Fina**

Pois nacín aquí pero cando tiña un ano os meus pais foron vivir a Cariño. Aos sete anos xa me mandaron interna ao colexio, eu non me explico esas cousas. O colexio estaba en Praceres (Pontevedra), horrible (...) pero como estaban as miñas curmás alí tamén (...) Despois fun ao colexio a Salamanca, cando nos fomos de Praceres e aos vinte anos casei e ata agora, tiver dez fillos, viven oito, e bueno (...) pois. **Saruca**

Eu chámome Pilar, nacín en Espasante. Crieime cos meus pais, a miña nai morreu ao nacer eu, o meu pai volveu casar e crieime con eles. Trouxéronme con meses para Ortigueira, vivín alí ata os vinte e dous anos, aos vinte e dous casei cun rapaz de Mera e vin vivir á Casanova. **Pilar B. F**

Eu crecín en Landoi, fun ao colexio a Landoi e estiveren aliña un ano ou dous, poliomielite. Crieime cos meus pais, catro irmáns e unha irmá (...) que aínda non sei nin como fixeron os meus pais para sacarnos aos seis como os demais, máis ou menos. O meu pai e a miña nai traballaban a terra, tiñan vacas, ovellas e esas cousas. Despois o meu pai empezou a traballar na madeira e a miña nai quedaba con todo, as vacas, os fillos, con todo. Eu non teño moitas fotos de pequena porque a miña nai tiña seis fillos e eu fun a quinta. **Mari Carmen**

Bueno nacín sete meses despois de morrer meu pai, a miña nai quedaba embarazada de dous meses. Cando quedou viúva aínda non tiña nin vinte e seis anos, pasouno moi mal, era moi nova, foi unha boa muller, todo o mellor para min. Sempre me levou aos mellores sitios, eu non podo máis nada que dicir ben dela. **Olga**

Chegamos á vida cun nome que alguén escolle para nós mesmo antes de coñecernos. Di Marcela Lagarde y de Los Ríos que ese nome é unha parte fundamental da nosa autoidentidade. Visibilizar a orixe do teu nome permite ademais comprender as herdanzas familiares e culturais máis arraigadas da época.

Para algunhas delas hai nesta pregunta unha emoción contida no paso dos anos.

*O meu nome puxéronmo porque a miña madriña, a irmá do meu pai, chamábase Lourdes. **Lourdes***

*Chámome así porque na miña familia morreu unha irmá maior xemelga con outra irmá que morrera había pouco de meninxite. Ao vir eu despois, puxéronme o nome da que morreu. Daquela facíase moito iso. **Fina***

*Chámome Pilar porque na niña familia morreu miña curmá pequeniña e puxéronme o nome da curmá que morreu. Non sei por que teño que levar ese nome porque ela morrera (...), en fin tampouco non me pesa. **Pilar M. A.***

Ás veces, a contorna social e os grupos de pertenza condicionan de forma clara a nosa autoidentidade a través de modificacións do nome. Preguntámoslle a Pilar se prefire Pilar ou Pilarita, diminutivo que utiliza o grupo para nomeala.

*Eu son Pilar agora, home (risos). Ou bueno (...) pois Pilarita, dáme igual, o que pasa é que agora me parece que xa é hora de pasar a Pilar. **Pilar M. A.***

Descubrimos a influencia da época histórica na que viviron para nomealas, neste caso sobre todo as circunstancias sociopolíticas marcaron o seu destino dende a orixe, dende o seu nacemento.

*Chámome Pilar, estaba o meu pai na guerra cando nacín. Naqueles tempos tiñan moita fe na Virxe do Pilar e por iso me puxeron Pilar. **Pilar B. F.***

Pois eu oficialmente son María de los Ángeles pero cando morra non sei se vou chamar a San Pedro e dicirlle: "son Olga" porque a min bautizáronme como Olga. Eu nacín coa República e a miña madriña viña de Cuba e, en Cuba, Olga era moi popular. Pero aos cinco anos Franco non quería nomes rusos e tivéronme que cambiar o nome e entón a miña nai púxome María de los Ángeles aínda que ninguén me coñece por ese nome. Estou borrada en todas as cousas. Cando casei o cura coñecíanos e puxo Olga e cando viñeron os papeis para casar uns viñan con Olga e outros con María de los Ángeles. Houbo que mandar todos os papeis outra vez a Mondoñedo, un balbordo o nome este, e agora pódoo cambiar, pero para borrar todo (...). **Olga**



A miña lareira era moi baixiña, entón poñíanse todos ao redor dela lendo a novela e así pasabamos a tarde

RECORDOS E ANÉCDOTAS DA NENEZ

Rescatamos do caixón da memoria aquelas anécdotas que xorden espontaneamente na conversa, temos a sensación de roubarlle ao tempo historias pequenas, historias que son o centro do que nos conecta como seres humanos. Dende unha mirada autobiográfica, os relatos persoais celebran o que é único en cada unha das persoas e asemade tenden pontes cara ao que é común en todas e todos.

MEDRANDO COA NATUREZA

A infancia desenvólvese a través de circunstancias diferentes dependendo do lugar no que creces. Para as nosas mulleres as trasnadas, os xogos e as tentativas de ser maior en Mera teñen todo que ver coa súa xeografía.

No Souto había moitas árbores que coñecemos como xaponeses (cirolas, claudias amarelas, de auga chámanas) e era cando tiña a granxa Don Javier e daquela era cando empezamos a andar así cos mozos. Teriamos trece anos e viña Xuxo Cornide connosco. Saían as ramas do xapónés fóra do cercado e di: "Ai! imos collerlle os xaponeses" e subiu Xuxo, da rama saltou á árbore e escoitamos: "ai! que vén Don Javier, que vén Don Javier", e Xuxo, metido na rama e nós aguantándolle a man, vén Don Javier e di: "esperade que vos aguanto eu", e colle a man de Xuxo e dille: "sae para fóra" (...) e con todo iso, deunos uns cantos xaponeses riquísimos". **Olga**

Non podían faltar nesas anécdotas o río e o mar como protagonistas, a auga define o territorio e tamén debuxa os pasos dalgunhas delas dende nenas. Sen dúbida, o que máis sorprende é a interacción que eran capaces de establecer de diversas maneiras co río.

O río daba moito máis medo e Marisol, de pequeniña, viña á miña casa e a súa avoa dicíalle: "eh! polo medio, polo medio", porque estaba todo cheo de pontes, entón chegaba á ponte polo medio do camiño e miraba ao medio da ponte e cruzaba. **Fina**

Cando volvía para a casa polas noites ía correndo e oía o murmurio do río e pensaba que me decía: "Marisol Marisol", cando volvíamos da sala da Ría, o río facía: "sh,sh,sh,sh", o río chamábame. **Marisol**

Nós podíamos bañarnos na presa do muíño, pero tiñamos medo, non nos deixaban. Cando había que arranxar o muíño había que quitar a auga. Ao quitar a auga íamos por abaixo e por onde saía a auga para o rodicio, metíamos un saco, abríámolo e caían as troitas no saco. Tamén íamos bañarnos ao mar ata que coa canteira se contaminou todo, era como un lodo negro, na Pluma, onde se xunta o río co mar. **Fina**

UN POUCO DE MEMORIA HISTÓRICA

A miúdo as idades e as datas mestúranse no recordo, pero hai feitos históricos que elas presenciaron e que aparecen con forza na narración para que a memoria histórica xogue tamén un papel fundamental nesta peregrinaxe cara ao pasado.

O que lembro de Cariño foi aquel petroleiro alemán que entrou perseguido por un avión británico e nós mirando para alí e acórdome de Toñito de Benedito: "Dios, que

bombazo lle tirou!". Tiroulle un torpedo ao barco que o vimos perfectamente e todos como parvos alí mirando. Claro, non tiñamos nin idea do que era aquilo. E alí afundiou o barco, claro, o capitán morreu e morreron dous ou tres mariñeiros, os demais sacáronos, repartíronos polas casas en Cariño. Iso era a Segunda Guerra Mundial. **Saruca**

Miña nai, como agora se lles pode temer aos de Vox ou tal, ela sempre decía: "Ai Dios mío, se volve Franco!". Acórdome eu que a miña nai e Andrés, o meu tío, traballaban, poñían patacas para eles dar e para vender. Cada día ían coller dezaoito regos. Un día que as ían vender a un de San Adrián que as ía levar de contrabando porque era clandestino, veu a Garda Civil e preguntou que levaban no carro de patacas. Grazas que as tiñan en dous sitios que se non levábanlles todas as patacas. E entón digo eu, mira que os pobres ían todas as mañás coller dezaoito regos, traían o carro de patacas e que despois que viñeran e llelas levaran (...) Que governe quen queira pero que(...) madre mía (...), tiñamos que dar as fabas, tiñamos que dar todo. **Olga**

ENCONTROS QUE CREAN COMUNIDADE

Crecearon en compañía, crecearon entre encontros cotiás que tracexaban vencellos a diario porque a comunidade local nutríase de ritos e costumes que ían pasando de xeración en xeración. En moitos sentidos elas só tiveron que participar diso para que ese legado se integrara na súa perspectiva de mirar a vida.

Na miña casa, na cocina, tiñamos unha lareira grandísima e había unha radio, e para escoitar as noticias alí viñan os avós de Marisol, o marido de Pilar, o tío de Marisol, botaban a partida, os meus curmáns (porque unha semana moía miña nai e outra semana moía o irmán da miña nai), entón xuntabámonos alí na cociña e pasabámo-lo ben. **Fina**

Acórdome que na miña casa, eu tería dez anos, a todos lles gustaba ler. Cando non había televisión a miña tía viña coser á casa de Irene e deixábanlle unhas novelas. Ían o que estaba de xefe na estación, o señor Ramón e a señora Rosa, Texeiro e Mari Pepa. Viñan todos á miña casa e a miña lareira era moi baixinha, entón poñíanse todos ao redor dela lendo a novela e así pasabamos a tarde

(...) "ai!, bueno vamos" dicía alguén e dicía Texeiro: "outro capítulo, outro capítulo". **Olga**

Cando era o tempo de recoller o millo iamos ás esfol-ladas esfollar o millo, de noite, e eu iso lémbro que de nena pasábao bárbaro. Era unha festa. Dicíanme: "súbe aí!". Comíamos os zonchos, cocían as castañas e xuntábase moita xente para ir á casa dun, á casa doutro, axudában-se. **Marisol**

Se che saía espiga vermella eras a raíña da esfol-lada. Tamén se contaban contos, non me acordo moito pero ía para a cama con medo e digo eu, se a xente maior daquela non se daba conta de que os nenos estabamos a escoitar iso. **Fina**

O pazo do Souto foi para a nenez de moitas un lugar de encontro no que ían ao catecismo, a aprender e tamén a recibir agasallos.

Iamos para o Souto, ao rosario, con Dona Branca todo o mes de outubro e rifábanos xoguetes. Bueno (...) iamos felices, iamos unha cuadrilla, nenos e nenas, moitos. A capela estaba chea, era unha festa iso. **Marita**

*Facía, se cadra, rosarios coas bólas dos eucaliptos, eses leváballelos a Madrid e facía xerseis e cousas para os nenos. **Saruca***

*Un día coas cartas da baralla, unha carta cada un e poñíaas no chan e collías. Á que lle tocaba a carta, tocáballe o premio. **Olga***

*Había moita xente nesa misa cando iamos rezar o rosario, as tías, as curmás (...). Ao saír pasabámolo mal porque non había luces e poñíannos unhas carabelas cunhas velas acesas porque despois, cando saíamos, xa case era de noite, "ai mamá!". **Fina***

DESENTRAÑAR O MUNDO A TRAVÉS DA COMIDA

A fame non marcou a infancia de moitas delas. Con todo, a escaseza na comida é algo que algunhas viviron de primeira man ou que coñeceron a idades temperás, imprimindo unha pegada moi clara do contexto social da súa infancia.

Pasouse moi mal porque non había nada. Houbo un tempo que non había pan nin había nada, ías á ración ao Peago.

*Eu nunca fun, a verdade é, pero (...) sei que lles chamaban mortas de fame porque ían buscar a ración do pan. Tiñan uns tickets no caderno. **Marita***



*Eran uns "tiquiños" pequenos, coma selos e dábanche un anaco de pan e xa te avisaban na casa de que non o comeras polo camiño. Dábanche para o mes o aceite na botella, un anaquiño pequeno. Eu lembro un anaco de pan, por fóra tiña unha cortiza coma se fose pan de millo, pero logo abrías e desfacíase así (...) e parecía que tiña cachiños de madeira ou de, non sei, sería palla (...) pero bueno, comíalo. **Pilar B. F.***

O territorio de novo determinando os hábitos, nesta ocasión alimentarios. Cóntannos como o marisco foi-se introducindo na comida gradualmente en Mera e nas parroquias derredor. Elas foron testemuñas da evolución do seu consumo e quizais iso explica a súa preocupación pola situación actual do mar.



De pequena non ía ninguén aos percebes, tirábanse.
Marita

Eu acórdome en Cariño, era eu ben pequena, de que no garaxe do meu pai que tiña a horta alí detrás, chegaban

con paxes de percebes e, en canto arrefriaban, tirábanos e traían outro porque ninguén os comía. **Saruca**

*As centolas e as nécoras tirábanas porque se lles engan-
chaban na rede e estragábanlla, e co remo dábanlles for-
te. Non as comían, non se debía de saber como sabían.*
Pilar B. F.

Despois a canteira estragou os berberechos. **Olga**

*Marita, eu acórdome que fomos Carmen, Rosa, as túas
sobriñas, con Roberto e contigo á praia de Ortigueira e
pararamos en Cabalar e puxerámonos a coller berbere-
chos e coquinas. Levarades unha pota e comeramos ber-
berechos con pataca cocida.* **Lourdes**

*E as navallas aquelas que había ao final da praia de Or-
tigueira e que viñan as mulleres do Vicedo, aí, que boas
eran!* **Saruca**

Un día para xogar ocorréuseme quitar o niño dun paxaro con catro ovos. Eu leváballe paniños quentes, pensei que ía sacar paxaros

XOGANDO COA IMAXINACIÓN

Hai un código xenuíno no xogo, é a linguaxe do sentir, e actívase de novo cando abres a conversa para regresar aos seus patios, aos agochos, aos espazos e aos tempos que roubaban á nenez. E iso sucedía especialmente cando comezaba o xogo. Todas mencionan xogar á chapa, á corda, aos cacharriños; e para elas a comparación co presente é irremediable. Fíxanse nas súas netas e netos e en como se está educando á infancia, demasiados xoguetes e maquiniñas segundo elas.

A EMOCIÓN DO PRIMEIRO XOGUETE

Os sentimentos esculpen coa súa vontade a propia biografía. A emoción é a ponte para vencellarnos a lugares, persoas, obxectos, etc. Por iso é tan simbólico preguntarlles polo seu primeiro xoguete, porque aínda que elas non puidesen elixilo pero, sen dúbida, converteuse nunha parte da súa historia persoal.

*Eu lembro unha boneca que me regalara Pilar Barcón e facíame os vestidos ela, xa que era costureira. Sempre, todos os anos facíame vestidos para a boneca. **Marisol***

*Tiña un irmán na Mariña, eu era a máis pequena e o meu irmán traíame cousas cando viña a casa. Recordo con agarimo o primeiro xoguete que me trouxo, unha pelota, e aquela pelota gustábame moito. **Marita***

*Eu tiña xoguetes pero non moitos, eh! Tiña unha cociniña e unhas potas pequenas, e iso encantábame. Poñíao todo no descanso da escaleira e alí era a miña cociña e collíalle á miña nai "Avecrem" e facía sopiña: só auga e avecrem. Despois tiña unha boneca e meu pai fíxerame unha cama para ela, unha cuniña e alguén me fixo unha roupiña e sabaniñas, non sei quen. Non tiveron moito máis. **Lourdes***

*Eu xoguetes moitos non tiveron. Tiveron a colección de libros de contos de Cervantes, de Caperucita Roja. A miña nai e as miñas tías de Ortigueira comprábanmos. Despois deixéillos ás miñas curmás de Feás. Hoxe gustárame telos, eran pequeniños, teño pena por iso, gustábame ler. **Olga***

O día de Reis a miña nai foi á praza e cando veu díxome: "toma, deixáronche isto os Reis, botáronmo nisto

da compra", levaba un cestiño de vimbio e tocárame unha boneca desas que son tesas de abaixo arriba que non se lles moven as pernas e, eu quedeime mirando para ela (...), e dixeran: "ai! e non terían ningunha que fose un pouco máis bonita?". A miña nai dixo: "ai!, non deixaban elixir a ningún, eles botáronma na cesta e aí vai". **Pilar B. F.**

Na casa sempre compraban os Reis unha boneca para miña irmá e outra para min. Deunos un día por ir bautizalas ao río e como eran de cartón desfixéranse todas. **Fina**

Tamén expresan con moito agarimo como xogaban ás casiñas. Para nós demostran unha capacidade extraordinaria para reciclar, reinventar e crear de maneiras moi diversas. Elas, en cambio, compárteno dende o sentido común: "como non iamos aproveitar calquera elemento para enriquecer os nosos xogos?".

Ías pola rúa e collías un anaquiño dun prato que había alí, un anaquiño de calquera cousa. Se o prato tiña unha flor xa era moito mellor que o que non a tiña. Se ti atopabas un cacharriño que tiña flores ou algo ou era máis bonito, mirabas a ver, viña outra e dicía: "cámbiasmo?", porque o dela era branco só. **Pilar B. F.**

Se rompía unha cunca e tiraban un cachiño ao río, iamos por el, e era un prato; as caixas da crema dos zapatos eran as potas (...). **Fina**

Eu non tiña xoguete, eu tiña cacharriños que rompían, que había que ter coidado que non romperan porque había poucos e os que rompían, os cachiños había que aproveitálos. **Pilar M. A.**

Xogaba ás cousas que eran cousas de pendentes vellos, non sabes? E coas bólas. Xogabamos ás bólas e, se gañabas, dábanche unha cousa. Chamábase as cousas.

Saruca

RODANDO A RÚA

Mentres que a maioría dos xoguetes teñen xénero e, por tanto, condicionan a construción da identidade das nenas e os nenos, os espazos de xogo permiten a miúdo romper barreiras sexistas. Para elas eran principalmente as zonas ao aire libre onde máis gozaban e aprendían pero, ademais, simbolicamente ocupar os lugares públicos foi unha das súas conquistas para a igualdade.



O portal da miña casa estaba en fronte da escola e os meus pais deixábanlles poñer as chapas. **Marita**

Si, pintabamos as chapas dentro do portal, faciamos as raias e xogabamos alí. **Lourdes**

Xogabamos á corda ao recreo na estrada porque aínda que pasara un coche dábanos tempo dabondo porque non viñan coma os de hoxe, viámolo vir con tempo. Xogabamos mesmo ao fútbol, que estaba a empezar un pouco a estar de moda en Mera. Faciamos nós a pelota con teas vellas e trapos, e algunha la que quedaba por alí das ovelas, non da que se compra hoxe. **Fina**

Xogabamos a "ladrón, xustiza, ladrón". Claro, iamos tan lonxe que non nos atopabamos, gritabamos "xustiza, ladrón" e tiñamos que buscarnos os uns aos outros. **Olga**

A bicicleta era naquela época un artigo moi valorado ao que só algunhas tiñan acceso, pero a sorte tamén podía ser ter unha amiga que tivera unha para aprender xuntas.

Eu o que lembro así máis en Cariño é que me tiñan regalado unha bicicleta e aprendín a andar na area mollada. Aí, se caía, non pasaba nada. Tiña todas as miñas amigas

ao redor, faciamos cada unha unha volta porque eu era a única que a tiña, pero sempre na area mollada da praia. A praia de antes de Cariño, que era estupenda, non a de agora. **Saruca**

Encantábanos saír porque estaba Carmiña de Garrote. Non tiñamos bicicleta e aprendiamos na bici de Carmiña pola estrada de Cariño que era de morrillo aínda. Os xeonllos paréceme que nos sangraban a todas, iamos dende a casa do avó de Garrote ata o que é hoxe a de Rúa e (...) naquela bici creo que aprendemos todas as nenas da miña idade. **Fina**

Na miña época, na casa de Melide, un día de feira, eu monteime na bicicleta e viñan Don Feliciano e a súa muller e dixeran: "ai, vounos atropelar, vounos atropelar!". Mira mandei a un á cuneta e outro para (...). **Olga**

A PROBA DE ENXEÑO

A imaxinación manifestábase de maneiras moi diferentes a través do xogo. Ás veces non acertaban a conseguir o que querían pero arriscábanse a poñer a proba a súa propia inventiva porque o certo é que, xogando, o enxeño sempre gaña.

Eu ía ao escolar de Ortigueira e cando de inverno había moita neve levaba zocas. Quixen que me compraran unhas madreñas porque coas madreñas íamos andando por onde había máis neve e, ían collendo toda a neve e facíanse planas por baixo. Despois chegabamos á escola e quitabámolas porque debaixo levabamos as zapatillas e xogabamos a ver quen era a que máis neve collera polo camino. **Pilar B. F.**

E logo xogabamos cos xeranios, poñíamos as uñas postizas pintadas, eran as folliñas da flor do xeranio. Íamos para a casa da nai de Marita, a señora Aurora, e roubabámoslle as medias e facíamos teatros. Xogabamos ao escondedoiro e a esas cousas que se xogan fóra. Todo o ano fóra, non como agora que están metidos coas maquiñas. Daquela calquera cousa nos valía, se cadra un pau era un boneco, a imaxinación. **Lourdes**

Un día para xogar ocorréuseme quitar o niño dun paxaro, quitáronmo, eu non sei porqué me fixeron caso pero bueno, con catro ovos. Eu funo poñer a un sitio e alí, todos os días pola mañá, leváballe paniños quentes. Eu pensei que ía sacar paxaros e, cando me parecía que xa debía de estar, rompía un. Seguía poñendo panos ata que acabei cos ovos, pero non saíron paxaros claro, con paniños quentes non (...). **Pilar M. A.**

E cando chegou o momento de ser maiores, ás nenas había que ensinalas a facer a cama, a varrer, quitar o po. Aos nenos non porque eran nenos

SER NENA: LIMITACIÓNS E OBRIGAS

Creceir sendo nena no contexto sociocultural daquela época é un factor necesario para unha análise das súas biografías. A norma, era que sufriran a desigualdade dende pequenas, quizais por iso resulta difícil nomear algunhas esferas do seu desenvolvemento como persoas. Con todo, elas identifican manifestamente os obstáculos que tiveron que enfrontar polo feito de ser nenas.

A APRENDIZAXE DOS ROLES DE XÉNERO

Como construción social, o xénero atravesaba e aínda atravesa a nosa identidade. Dende pequenas imos vendo ao noso redor quen fai que cousas, que calidades se valoran por ser nena ou neno e que se espera de ti só polo sexo biolóxico co que naciches. Os roles para elas foron visibles en aspectos como os tipos de xoguetes, na educación que recibían e na distribución do traballo.

Xoguetes? Eu xogaba cos platiños e o meu irmán dáballes patadas a unha mazá, xa por si era visto que o neno tiña que xogar á pelota e a nena á boneca, xa o aprendiamos así. **Pilar M. A.**

E cando chegou o momento de ser maiores, ás nenas había que ensinalas a facer a cama, a varrer, quitar o po. Aos nenos non porque eran nenos. Acababamos de comer e as nenas tiñan que recoller, fregar, secar a louza, poñela no seu sitio e todo era así. Tiñas que varrer ben para que non quedara nada no chan. Aos nenos non, se había algunha que tiña un irmán e se queixaba logo lle dicían: "é que é un neno e ti es unha nena", esa era a diferenza que había entre un neno e unha nena.

Un neno podía saír. Por exemplo aos dezasete ou dezaoitto anos ía a calquera sitio, unha nena non; a el dábanlle un diñeiro para saír, a ela non. Eu recordo que, para saír, bueno eu non tiña irmáns pero a min dábanme xusto o diñeiro que me custaba a entrada do cine, era o que tiña, e se por casualidade non había solto para dar-me o diñeiro xusto tiña que devolver a volta, e a un neno non llo facían.

Pilar B. F.

A educación era moi diferente. As nenas era o da casa, os homes traballar fóra. Para a muller era normal, facían a cea, facían o que tiñan que facer e eles sentaban, oían a radio, lían o xornal ou, se non, ían ao bar. Era unha cousa lóxica e normal que o home fora ao bar á noite e logo viña e ceaba e a muller tiña que ter as cousas da casa feitas. Bueno, se tiñan vacas e gando, o home tiña que axudar.

Lourdes

Elas mesmas o nomean: "iso era o machismo", din con respecto á separación dos roles masculino e feminino que herdaron nas súas propias estruturas sociais e familiares. Ademais das limitacións e obrigas que viviron na súa infancia, cóntannos sobre a falta de liberdade para elixir o seu futuro. Ás veces, como no caso de Saruca a desigualdade parte da falta de apoio para continuar os seus estudos, a pesar da súa motivación vehemente por seguir aprendendo. Para Olga, en cambio, foi a falta de confianza nela mesma, nas súas capacidades e o pouco interese da súa nai porque continuara formándose. Era patente a falta de expectativas sobre elas máis aló do espazo doméstico e dos coidados.

*Eu sabía declinar. Maruxa, a mestra, ensinárame latín e quería que estudase Maxisterio. Ela tiña moito interese en que eu fora estudar á Academia a Ortigueira. Eu non quería ir á Academia a Ortigueira, tiña medo de que as rapazas soubesen máis ca min e que puidera quedar de parva. Se miña nai me dixera: "pois si que vas", ía, pero non mo dixeron e arrepiéntome, pero moito. **Olga***



*O meu pai non me deixou facer o Bacharelato, non me deixou custando o mesmo que o colexio. Non me deixou porque non era cousa de mulleres, que para que quería facer eu o Bacharelato, e eu quería ser enfermeira ou médico co cal nada. **Saruca***

O traballo de aprender a ser nenas implicaba a miúdo un labor físico xa dende pequenas, facéndose cargo dos animais ou da casa.

*Na miña casa non houbo irmáns pero, por exemplo, chegaba a hora da cea e todo o mundo chegaba de traballar e o meu pai que tamén viña de traballar na fábrica. Os homes sentaban, botaban alí unha partida, e as mulleres tiñamos que seguir traballando: a cea, recoller, había vacas, había que ir atender e os homes botando a partida, iso sen ter irmáns foi sempre así. Os homes podían vir á Ponte para tomar un viño pero unha muller non podía vir. **Fina***

*Tiven que traballar de nena, os meus irmáns eran maiores, menos a miña irmá que é a máis nova. Cando chegaba á casa sempre había que facer. Os meus pais eran labradores, xente humilde, había que axudarlles. Os meus irmáns viñan traballar de Feás e gañaban nada e (...) había que axudar. Os ovos tamén había que vendelos, eu acórdome que viñan as señoras de Cariño co peixe na cabeza e levaban fabas a cambio. **Mari Carmen***

Cando non ía á escola facía a comida, ía pastar a vaca. Antes de morrer miña nai eu era a que tiña que facer as cousas, lóxico, a miña nai estaba enferma e non podía.

Entón as cousas da casa como lavar pratos, facer a comida e todo iso, todo caía na muller. Meu pai tamén tiña que ir traballar, eu entón era unh nena pero facía as cousas da casa como ordeñar, como todo o que facía unha muller e que os homes non facían. Ao acabar as tarefas do campo a muller seguía traballando. A muller seguía coa cea, con todo. **Pilar M. A.**

O TABÚ DA MENSTRUACIÓN

Medrar como nenas é tamén desenvolverse a pesar dos tabús que rodean a identidade feminina como a menstruación. É, con certeza, un xesto de transgresión que algunhas mulleres falen na xuntanza abertamente da súa primeira experiencia en relación a este tema. Ademais, o feito de que moitas estean de acordo en que este tabú segue presente aínda hoxe mostra a súa preocupación e o seu compromiso por cambiar as cousas.

Era tabú todo, non che dicían nada, nin de cando che viña a regra nin nada (...), era horrible. Había temas que eran tabú, non che falaban da regra, nin do sexo e na escola tampouco. Non che explicaban nada, era un secreto, que era unha bobada porque estaba aí e había que informar-

se, todo era o que aprendiamos por aí unhas coas outras. Dicíanche que ducharche nada, que non te podías lavar a cabeza, non te podías mollar no río nin bañarte no mar. Iso era horrible, ata que fomos aprendendo que non nos pasaba nada por lavarnos a cabeza coa regra. **Marisol**



A min iso díxome a última muchacha que tivemos, explicoume como era a regra, era xa maior ca min, claro. A min púxome medo máis que nada. **Fina**

O día que me veu a regra chorei ata que me cansei, ata que me cansei e despois chegou a miña avoa preguntando que me pasaba e díxenllo. Ela díxome que iso non era nada.

Eu daquela estaba na súa casa, en Couzadoiro, pasando uns días, e cando volvín á casa da miña nai dicía eu: "ai Dios, e agora como lle explico eu isto á miña nai?". E eu creo que volvín chorar outro tanto porque non me atrevía a dicirllo. Imaxínate como era (...) tíñano tanto, tanto coma un tabú que non sabías como entrar no tema.

*Eu digo que era unha vergoña que che soubese ninguén que estabas coa regra, podías contarllo á amiga máis íntima pero a ninguén máis. Se por casualidade un día sentabaste e levantabaste manchada, pestillabas para a casa, pés para que vos quero, para cambiarte para que non te vira ninguén. **Pilar B. F.***

*Eu fun á enfermería e díxenlle á monxa: "mire, que me está pasando isto", e dixo: "iso pásanos a todas". Era encantadora. Entón escribín á miña casa para que me mandaran panos hixiénicos, que me facían falta. Imaxínate que non viñamos á casa nin en Semana Santa. **Saruca***

*A roupa de cando andabas mala tiñas por costume poñela en sitios a clareo onde non se vira moito. Alí, na miña casa, había un lavadoiro no río e a xente ía lavar alí. Entón como había moita máis xente poñíase esa roupa un pouco apartada, ás agachadas. **Fina***

Eu aprendín da miña nai ata os catorce anos e despois da vida

A ESCOLA

O marco educativo institucional de cada época é unha fonte de aprendizaxe para coñecer con máis profundidade ese contexto sociocultural. Cuestións como que tipo de escolas había, que materias se potenciaban ou cal era o sistema de ensino que predominaba achégannos á radiografía do papel da educación nese período e de que forma influíu nas súas vidas. Para todas elas ir á escola era moito máis que asistir ás leccións diarias da mestra, era a oportunidade de explorar o mundo entre os seus iguais. Pero ademais ao longo dun día na rutina destas mulleres sucedían outras moitas aprendizaxes que é necesario recuperar aquí.

A FIGURA DA NAI NA APRENDIZAXE

Un nobelo de la vermello abre a reflexión sobre as redes de aprendizaxe que tiveron na súa infancia xa que, ademais do marco educativo institucional, estaba

o proceso de crecer como persoas, e interésanos coñecer quen foron esas figuras importantes que máis as tiveran ensinado.

A figura indiscutible para a maioría delas é a nai, e quizais é momento de celebrar porque isto permite poñer en valor os saberes tradicionais da comunidade que ela, a nai, representaba e transmitía ás súas fillas e fillos.

Pois mira, se había ovellas na casa lavábase a la cando se rapaba a ovella, facíase o fío para facer calcetíns e claro, iso aprendino da miña nai. Mesmo facían con la de ovella chaquetas para a xente maior, coa roca. Eu iso fíxeno tamén, ensinoume miña nai. Poñíase a la nunha vara que era unha galla-horquilla, ía estirando e ao fuso dabámoslle voltas enrolando. Facías a la igual ca dos nobelos que se compran hoxe.

Eu naquela época aprendín moito da miña nai, o da casa, o do muíño porque o muíño era día e noite moer e, entón, cando saín da escola xa me meteron un pouco ao muíño.

Fina

A nai era a que educaba, a que facía a casa, a que ía ao terreo. **Pilar M. A.**

A nai érao todo. **Marita**

Da miña nai aprendín moito, todo, todo, a levar unha casa. As nais ensinábannos a ganchillar, as miñas braquiñas facíaas eu. **Olga**

A educación era máis ben da nai, a non ser que fose un problema, que entón era cando o pai tomaba parte, pero no día a día era a nai. Era a que pasaba o ferro, recollía, cosía a roupa. É que as mulleres, non sei nos demais sitios, pero en Galicia eran moi traballadoras e mandaban tamén bastante, eran moi mandonas. Se tiñan varios fillos e se cadra unha nena ou dúas pois tiñan que ter unha autoridade porque senón era un dominio dos homes. E non digamos por exemplo, a miña avoa que quedou viúva con sete fillos. Facía todo, o campo, plantaba patacas, criaba aos fillos, era a que facía todo.

Aprendín da miña nai e do meu pai. A miña nai moi ben, ensinábame as cousas que nos ensinaban todos os pais, era ensinar e corrixir, hai que facer isto, hai que facer o outro. **Lourdes**

Ao morrer miña nai fun para a casa dunha tía e o meu irmán para casa da avoa. Eu aprendín da miña nai ata os catorce anos e despois da vida. Fun aprender con Pilar, con Carmen de Sabio. **Pilar M. A.**





LABORES E QUEFACERES COTIÁNS

Houbo tamén outras persoas de referencia na súa educación que as inspiraron. Neste caso xúntanse dous factores clave: crecer como mozas facía, por unha banda, que todas aprenderan labores propios do feminino como os traballos da casa máis rutineiros e, doutra banda, Mera era unha parroquia con gran actividade téxtil, polo que moitas aprenderon a bordar e a calceitar como parte do seu labor cotián.

Aprendín da profesora que me ensinou a bordar e de Pilar Barcón que vivía á beira da miña casa. Eu aprendín a bordar entre comiñas, a ganchillar, a coser, a calceitar, tamén algo de Fina. **Marisol**

O inverno que non faciamos catro ou cinco xerseis non era inverno. **Fina**

A coser e iso, ía todos os días a San Adrián á casa de Filomena, a irmá do cura. Aprendín algo de bordar e despois fixen mantelerías, fixen colchas co gancho. **Marita**

No lugar onde nacín, O Reto, eramos todos como unha familia. Eu aprendín das miñas veciñas, Carmen de Fra-

ga tiña o forno e iamos alí ver como facía as orellas de entroido, facía roscas. Facíanos levar o gran ao muíño e facíanos moita gracia e esas cousas (...). A vida era moi monótona pero pasabámolo ben. **Lourdes**

En cuestión de traballos manuais e todo iso, aprendín dunha profesora que tiven que vivía en Ortigueira, chamábana Antonia de Rosa, traballaba de marabilla en todas esas cousas. Ela facía iso en Cuba e ensinoume a bordar, aprendín a bordar á man e a máquina, dábanos algo de clases particulares pero moi pouca cousa. **Pilar B. F.**

Pois non me acordo de quen, aprendín moito. Despois da guerra xa non lembro de que alguén me ensinara a facer nada, nada. A madriña facía labores todo o día pero eu eses labores non podía. Facía frivolité, facíase cunhas lanzadeiras nas que se poñían os fíos e ía facendo. Ten feito mantelerías tremendas con fío moi fino. Acórdome de que a miña avoa unha vez estaba a facer un xerse de manga pegada, e Merche e eu estabamos a facer outro de manga ranglan. Entón ela dixo: "ah, pois eu queroo facer así tamén!", e fixo un xerse cunha manga pegada e outra de ranglan. **Saruca**

Das de Rebollar aprendín a bordar a man e a máquina e logo aprendín a coser, que non se me deu nunca nin pouco nin moito, con Carmen de Sabio. Era a que cosía aquí, tiña un taller de costura. **Olga**

EU QUERO IR Á ESCOLA

Nunha época na que se cuestionaba se todas as nenas tiñan que ir á escola ou se facían máis falla na casa para traballar, entendemos como un triunfo que todas elas puideran asistir a clase. Cada unha conta o seu propio testemuño sobre a experiencia na aula e achamos no relato algúns aspectos comúns: a súa vontade firme e entusiasta de ir e unha autovaloración moi esixente sobre a súa destreza académica.

Eu ía contenta á escola. O primeiro día fun contenta pero o segundo non quería ir, que non e que non. Meu pai tiña un taller de madeira xusto en fronte da escola, fun xunto del e díxome: "ai, pois se non queres ir non vaias, oe!", e a miña nai decatouse e dixo: "se non vai á escola que non veñan comer nin el nin ela". Aquel día non fun, choraba e choraba e que non quería ir, ao terceiro día xa fun normalmente. Pasoume, encantábame a escola. Fun á escola de Dona Elvirita aquí, á beira, ensinábanos moito: costura,

a bordar a piques de cruz, a bastidor. Eu teño feito sabas bordadas co bastidor e manteliños a piques de cruz moi bonitos. **Lourdes**

Eu fun á escola en Landoi, había dúas escolas. Landoi é pequeno pero está moi separado. Unha era en Cabanán e outra no Sejo, estabamos nenas e nenos xuntos. **Mari Carmen**

Aquí viña unha mestra de Cobelo e, como viña en bicicleta dende Ortigueira, metade dos días non viña pola choiva, substituíaa Maruxa do Perito. Despois fun á escola de Maruxa, particular, á reitoral. Eu fun xa dende nena á escola, moi ben, encantábame a escola, a mestra era boísima, pasabámolo ben. Na escola casualmente sempre me puxeron á beira da miña irmá Pilar, sitios fixos. As matemáticas moi ben, gustábame moito pero non me acordo de nada, aínda teño os cadernos dos problemas e digo: "Ai, Dios mío, como facia isto?". **Olga**

Na miña época, a miña escola era de nenas só. Gustábame ir, gustábanme moito o debuxo e a táboa. **Marisol**

Gustábame moito ir á escola. De pequena viviamos no alto da Magdalena e claro, chovía, estaba todo empedrado e custaba moito chegar, pero eu o día que non podía ir tiña un desgusto. Non é que saíse moi aplicada pero gustábame ir porque ademais saíamos ao recreo, había outras nenas. No inverno se non ías á escola non ías a ningún sitio, nin saías á rúa, e entón co conto de que ías á escola alí xogabamos dentro no escolar e moi ben. O que fora de lectura era o que máis me gustaba, non saín moi boiante. As nenas iamos á parte esquerda do edificio e os nenos á dereita. Había tres cursos, con tres profesoras distintas e no recreo xuntabámonos todos e xogabamos.

Pilar B. F.

A min gustábame ir ao colexio, gustábanme os labores de bordar, vainikas, cestóns, todo iso ensinábannolo, as matemáticas tamén un pouco. Todos os días ía á escola. Non nos deixaban quedar, na miña casa non. Eu ía á escola de Dona Elvira tamén, dende os seis ata os catorce anos.


Fina

Eu ía á escola, non moito pero ía, gustábame moito ir. Lembro a escola con cariño, ía contenta. Gustábanme as contas e a táboa. **Pilar M. A.**



Gustábame ir ao colexio, prefería estar alí con todas que quedar na casa. Gustoume a profesora, a madre María Ponce de León, creo que ela me tiña tamén a min un aquel. Ela daba xeografía e historia, que era o que máis me gustaba. As matemáticas e o debuxo tamén me gustaban moito pero non fun boa estudante. Cando estiven interna estaba coas miñas curmás. Sempre tiñas as túas amigas preferidas pero non viamos ás galegas nin en Nadal, nin en Semana Santa. En Semana Santa porque non nos daba tempo porque había que facer noite en Astorga, iamos no tren a Astorga. Ás tres da mañá recollíannos do hotel, había que levar todo, os baúis coas sabas e ao día seguinte colliamos outro tren para ir a Salamanca. Unha viaxe interminable co cal non viñamos. En Nadal algunha vez eu ía a Madrid á casa dos meus tíos porque a Madrid había directo pero nada máis. Se non, quedabamos no colexio. **Saruca**

Ía á escola pero era mala estudante, moi mala. Fun a Dona Maruja, a de Cobelo, aos seis anos, pero non me gustaba estudar por iso me mandaban despois ás clases particulares de Maruxa. Os meus pais querían que estudase pero non se me deu moito. A mestra tratábame ben. Ao saír xogabamos no recreo, iso si que me gustaba, á corda, á chapa, a todo. Os meus pais rifábanme sempre, pero bueno (...) fun saíndo e aquí estamos. **Marita**



Neste eido, o de ter a posibilidade de espremer o feito de ir á escola, algunhas son moi conscientes das diferenzas de oportunidades que viviron por ser nenas.

A profesora Dona Elvirita foi moi boa comigo, dende os seis aos catorce anos. Ensinábanos xeografía, matemáticas, pero claro, iso menos. Iso ensináballelo máis Don César aos nenos. Ensinábanos o que se supoñía que as nenas necesitabamos naquela época: a levar unha casa, coser, bordar, limpar, en cambio, aos nenos, Don César ensinaballes máis matemáticas, xeografía, historia, saían mellor preparados, tiñan que ir á mili. **Lourdes**

Fun á escola ata os catorce anos e despois mandáronme ás clases particulares que daba esa señora, algo de matemáticas pero o problema que tiña esa señora era que se mandaban a algún neno que quixese facer o Bacharelato entón ela deixábanos moi de lado e atendía máis aos outros. Os nenos non aprendían a bordar. **Pilar B. F.**

OS CÓDIGOS DO RESPECTO

Como espazo de convivencia a escola era tamén un lugar no que educar no respecto. Isto facíase segundo a mirada pedagóxica daquela época, o que incluía

introducir a disciplina con elementos como a regra para pegar, poñer grans de millo no chan e castigar de xeonllos e algúns abusos de autoridade tal como nos contan.

A mestra tiña unha mesa que era a mesa do castigo, a mesa asnaria porque tiña unhas orellas e un burro detrás. Cando castigaba (...) á illa asnaria, (...) pero nunca me tocou de ir a min. **Fina**

Bueno, eu vouvos dicir unha cousa, a min pegoume unha vez na man porque me dixo: "Olga, fas borrón", e eu díxenlle que a miña pluma estaba mal. Bueno (...) tróuxome a pluma ela, tróuxome todo e díxome: "como fagas un borrón agora (...)". Non volvín facer outro, eh! **Olga**

A profe a min deume unha labazada un día e non me fixo falla máis. Daquela pasaban lista. Eu era das pequeniñas e estaba diante de todo e aínda agora escoito a voz da muller: "callad niñas que voy a pasar lista, callad niñas que voy a pasar lista", e non sei con quen falaba pero seguía tacatá, tacatá e plafff" acabouse, cando a oía decir: "callad niñas que voy a pasar lista" xa calaba para sempre. **Pilar M. A.**

En ocasións tamén se exercía esa autoridade para ridiculizar a unha alumna e o certo é que esas vivencias son moitas veces as que quedan marcadas na memoria da experiencia escolar.

Acordo unha vez que a miña curmá, Merche, cortoume o pelo cunha tesoirá de uñas e despois as monxas portábanse mal porque me chamaban: "que veña Sara Pita, Sara leve isto á outra clase", para que me viran o pelo así (...).Creo que a miña nai escribiulle unha carta a Merche e que Merche lembrouse da carta toda a vida, como a puxo! (...) eu tiña sete anos. **Saruca**

Mandábanos rezar, dicir: "bos días, como descansou vostede?" (o saúdo ao entrar) e "que siga ben" (a despedida ao saír). Había que rezar unha oración ao saír e ao entrar. **Marisol**

Ai!, un día o que me pasou a min co "siga ben!". Eramos tres grupos e había a profe de 1º, de 2º e de 3º, e dúas delas chamábanse igual: unha era Rita Ribeiro e outra Rita Salgueiro. A Salgueiro ía todos os días á barbería e as nenas do grupo dela adoitabamos esperar alí preto a que saíse, e un día estabamos tres ou catro e pasou Dona Rita Ribeiro e todas dixerón: "que siga ben, que o

pase ben, ola bos días, como descansou?", e eu así polo baixo dixerón: "que o pase como poida", pero non me oíu. As cativas que estaban á beira, unha delas foi de acusíca dicirllo e chámame no medio de toda a clase. Bueno (...) non me quero acordar, foi a vergoña máis grande de toda a miña vida e preguntoume que por que dixerá iso: -Non, é que eu non dixerón nada.

-Como que non?

-Bueno... é que foi unha cousa que me saíu así no momento. A ver se me entendes, es unha nena e non sabes nin que contestar. **Pilar B. F.**

A vivencia da escola non quedaba só na aula, ampliábase cara a outras aprendizaxes relacionadas cos vínculos na comunidade, co xogo, con outras tarefas dos coidados e da axuda.

Eu, pois mira, viña á escola alí e, como facía frío e non había calefacción, Maruxa do Perito comprábanos unha corda e poñíanos a saltar no recreo, a saltar para que corrésenos o frío. Aquí á beira, había un señor que facía casa, mira (...) odiaba ás do Perito. Mira, sentírnos a nós, coas zocas, veña dálle, dálle, dálle, poñíamolo frenético ao señor. Era boa persoa, eh, que tiña cereixas e laranxas e sempre nos daba cando collía, dábanolas ao saír do cole.

Olga



Logo repartíamos o leite que nos mandaba a profesora, había uns bidóns de leite en po e ás maiores tocábanos repartir sobre as once da mañá, no recreo. Poñíanse todas en fila e as maiores faciamos o preparado e servíamolo en vaso. E despois faciamos outros mesteres como baleirar o váter. O váter estaba fóra porque era de pé, non tiña auga nin nada, soamente uns cubos. Se se tupía, alí non había cisterna. Cando chegaba arriba a profesora mandábanos ás maiores que o baleiramos para o río cos cubos, iso quedoume gravado. Era unha pedra de cemento e unha caseta, aínda está aí. **Marisol**

Eu acórdome do do leite en po, era como un complemento, queixo tamén, pero menos. O leite fervía e tomabámolo no inverno que facía ese frío (...) e ensinábannos moitos labores e faciamos tómbolas, levabamos cousas da casa, o que sobraba, algún adorno, algunha cousiña. **Lourdes**


Vendíámolas para recadar diñeiro para os nenos de África, era para as misións que apadriñabamos un afillado. **Marisol**

No mes de maio Dona Elvira levábanos a ofrecer a San Adrián, ofrecíaselle á Virxe, iamos á Santiña da Casanova, aínda me acordo dunha: "no porque soy pequeñita he

de entregarte mi amor, que es más grande que no cabe en mi tierno corazón", tiña catro anos. O vinte e cinco de abril, o día de San Marcos levábanos de merenda. **Marisol**

E logo cando deixamos a escola iamos aínda con ela por aí a un campo, cara ao Souto, a merendar con ela. **Lourdes**

As súas infancia transcóreron en diferentes lugares de Landoi, Mera, San Adrián, Cariño, Ortigueira (...). Algunhas delas compartiron escola e aventuras, para outras foi unha etapa de soidade por vivir perdas ou ter que separarse dos seus seres queridos. Volver á infancia é retornar á orixe, ao centro da túa vida que termina a túa identidade actual. No aire do relato que nos contan percíbese algo máxico, unha faísca de luz que acende a súa nenez para poder mirala e narrala con sensibilidade e gratitude.





MOCIDADE E VIDA ADULTA

CAP. 5 |

MOCIDADE E VIDA ADULTA

A emigración ten ese problema, o de que sempre te queres vir e logo volves para aquí e pensas que non era para tanto. Tamén alí o pasabamos moi ben, non?

EMIGRACIÓN

Avanzar a través dunha orde cronolóxica axuda a darlle un sentido a esta singradura de biografías, pero os saltos no tempo, cando falan das súas vidas, son inevitables. Por iso unha parte fundamental deste proceso é reconstruír o relato cun obxectivo claro: situar a mirada naqueles temas que definiron a súa adultez. Colocámonos na mocidade como transición dende as infancias e como ponte a unha etapa de madurez que advirte un tempo de cambios. Ser adultas implicaba atravesar decisións vitais, algunhas escollidas por

vontade propia, outras chegaron coa punzante présa da vida que non entende de treguas.

Neste grupo convive unha diferenza importante de xeracións. Hai mulleres que están nos seus sesenta e outras rozando os noventa, algunhas tamén se moven neste intervalo de trinta anos. Esta diversidade permite ter unha perspectiva máis ampla acerca dos percorridos, os obstáculos e os horizontes de futuro que tiveron como mulleres nese contexto sociopolítico.

Emigrar como alternativa dun refuxio económico. Isto mesmo é o que hoxe buscan tamén fóra moitas persoas novas e que é a principal causa dos movementos migratorios actuais cara España. Estas mulleres formaron parte da significativa diáspora galega no estranxeiro, construindo un proxecto de vida en lugares que as acolleron e lles ofreceron opcións para entrar no mercado laboral. Tamén tiveron que habitar a contradición de quedar ou volver ás raíces. Din que cando te vas, a preocupación polo desarraizamento axeca aínda que non queiras, se cadra, a vivencia migratoria ten máis arestas das que, ás veces, podemos sostener.

AS QUE QUEDARON

O movemento dun lugar a outro forma parte deste grupo, mesmo para aquelas que non emigraron fóra de España. De feito, algunhas quedaron, pero os cambios de domicilio fóronse sucedendo na súa biografía de forma continua. Por exemplo, para Pilar B. F., que viviu entre As Pontes, Ortigueira e Mera, o movemento segue presente, aínda hoxe está a cabalo entre estas dúas últimas localidades. Para Saruca a adultez trouxo, despois dos seus anos interna lonxe do domicilio familiar no Souto, aínda máis mudanzas entre Marín, Madrid, Cartaxena, Canarias e Ferrol. Máis preto ou máis lonxe, a morriña pola terra natal non se mide en distancia xeográfica, é un sentimento que te pode acompañar de forma inexplicable ata que volves.

*Casei e o meu marido traballaba nas Pontes e eu tívenme que ir cara a alá con moita morriña porque eu quería estar aquí, en Mera, corenta e un anos estiven alí. **Marisol***

AS QUE MARCHARON

Intuímos que a decisión de irse non era fácil, se por un momento puidésemos poñernos en situación entenderíamos a complexidade do paso que deron. Algun-

has emigraban a un país cuxo idioma descoñecían. O máis probable era que esa viaxe fora das primeiras que facían na súa vida e a única garantía de confianza era un contacto, un familiar ou un amigo que xa estaba alí. A necesidade de buscar novas oportunidades laborais era máis perentoria que o medo, por iso fixeron a maleta case a cegas, sen saber que as esperaba no estranxeiro, coa valentía de probar sorte a quilómetros da súa casa.

A VIAXE

O primeiro billete, a primeira persoa que parte, a acción de poñerse en marcha e cruzar a fronteira, cantas fronteiras que apenas se poden nomear atravesaron na súa viaxe de emigrantes.

Pois mira, cando me fun para Inglaterra collemos (inaugurouse xusto ese día a liña dende Mera a Ferrol) o billete número un, e o número dous, Chente. Neste tren fun ata Ferrol e despois á Coruña, e alí fomos para un bar dun mozo de aquí de Mera e deixamos alí as maletas e non dixemos a ninguén que nos íamos. Estabamos sentados no tren e aparecen dous amigos e sorprendeunos que se tiveran dado de conta. Eles contáronos que foran ao bar

de Mario e que lles dixera: "pois se queredes despedirvos de Olga e mais de Chente vanse agora para Inglaterra". Non queriamos dicilo a ninguén para dar a sorpresa. Viaxamos en tren, daquela aínda non había avión. En Venta de Baños, veu unha cuadrilla de andaluces subirse ao tren que ían para Francia, todos preocupados de que os tiñan que mirar primeiro antes de chegar a Francia. E eu pensei que nós íamos ter algo, que seguro que tiñamos algo, e Chente pensou o mesmo sen dicirmo a min. Fixéronnos, eu que sei, unha revisión. Se tiñas algo volvíante para España, miráronnos de todo, dixéronnos que estabamos ben. Despois en Birmingham tivemos que trasbordar de tren de noite, o meu marido falaba un pouco de inglés pero eu cero á esquerda. **Olga**

Funme para Suíza, levoume a miña madriña que estaba alá dende había moitos anos, levoume de turista e así estiven tres meses. Empecei a traballar pero para facerme o contrato tiven que vir a que me miraran, vin pasar a fronteira porque tiñan que mirar se estaba enferma.

Mari Carmen

Aos vinte e sete funme para Venezuela, tiña ao meu irmán alá e a miña cuñada e dixéronnos que se queriamos ir cara a alá que había traballo. Fomos dende Coruña, saímos en

barco, quince días de viaxe. Recordo fatal a viaxe no barco, mareada (...) todo o barco cheo de xente galega. Chegamos a Caracas, de alí a Valencia que era onde estaba o meu irmán. **Marita**

Fun a Lérida porque ao meu marido chamárono de alí para traballar. Foise primeiro el, tiven a Antón, o meu primeiro fillo, nese tempo e logo xa me fun con el cando Antón tiña dous anos. **Lourdes**

OS TRABALLOS E A VIDA NO EXILIO

O seu propósito de emigrar non tiña unha soa fenda, era gañarse a vida a través dun traballo e, na medida do posible, aforrar para volver aquí cunhas condicións máis dignas. As oportunidades que non lles podía ofrecer a súa terra chegaron no exilio, algunhas delas á súa volta a España non volveron traballar de forma remunerada e cotizando.

A sorte oscila dependendo da óptica dende a que miramos a realidade, cada unha tivo que enfrontar unha situación de chegada ao seu novo destino migratorio e uns retos diferentes segundo as circunstancias.



Traballaba, pero como era menor non gañaba case nada, gañaba pouquísimo. Eu fun traballar pero gañar nada, cero. Despois aos vinte anos vinme e daquela érase maior aos vinte e un. Fun traballar a un hospital, a miña madriña era a cociñeira do hospital e a miña curmá era auxiliar, e eu fun traballar na limpeza. Non sabía nada de francés que era o que se falaba alí pero bueno (...), defendíame, o francés non se me daba mal. **Mari Carmen**

Cando chegamos estaba a esperarnos na estación Tere-sita. Dende a casa dela leváronnos para o hotel e cando chegamos e vexo eu a un paquistaní dunha cor moi morena, moi morena, cun gorro de pel de cordeiro pensei: "Dios mío, onde viñemos parar". Pero dixéronnos durmide o que queirades. Cando nos levantamos vemos á paquistaní tamén co turbante e repetín na miña mente: "Dios mío, onde nos viñemos meter", pero tratáronnos moi ben, moi ben. Os dous traballamos no hotel e restaurante. No hotel igual estaba de recepcionista que facía calquera outra cousa. Pola mañá faciamos as camas e logo despois pola tarde eu non tiña nada que facer, soamente os chepates, a comida para eles. Era masa integral con auga fría, logo déixabala fermentar unha hora ou así e logo acendías o forno. Facíanse nun recipiente como para facer as feixoas pero era ovalado. Facías unhas boliñas, estirábalas e poñías todo enriba desa cousa que era ovalada. **Olga**

Fun a Suíza con vinte e catro anos co meu marido, o meu pai estaba alí e arranxáranos os papeis e todo iso. Fomos os dous a unha lavandería e estivemos alí catro anos nada máis, pero moi ben, teño bo recordo. O francés non se me daba moito, pero bueno (...) foron catro anos, algo aprendín. Cando cheguei resulta que había unha moza de Pontevedra que se chamaba Carmen traballando e estabamos a pasar o ferro nunha máquina e dime que ela tiña unha cama de ran do chan. Eu pensei que me estaba falando francés, claro, porque daquela tampouco se falaba galego, quería dicir a nivel de chan, quedei (...) Pero pregunteille se me estaba falando francés, non ves? Son novatadas que se pasan pero eu xa quedei mal coa moza esta. Agora sei que significaba pero antes non o sabía. **Pilar M. A.**

Fomos para un hotel e veunos buscar unha señora preguntándonos se queriamos ir traballar á súa casa para coidar aos nenos. Non a coñeciamos de nada pero dixémoslle que si. O marido era xerente dunha fábrica de coches e empregou ao meu marido na fábrica e despois cando viña cortaba o xardín. Eu coidaba a dous nenos pequeniños que me querían máis que á nai, queríanme con tolemia. Ían para nosa cama de noite cando estaban enfermos, a muller dicíame: "ai, pois mira que vén xunto de ti, que non quere estar connosco". E eu dicíalle: "bueno pois que veña." **Marita**

Explicánnos que naquela época para traballar en Venezuela non necesitabas ir cun contrato previo, como era o caso de países como Inglaterra, Suíza ou Francia. Moitas mulleres españolas, como Marita, no oficio de coidar ocuparon esa figura case maternal, igual que agora o fan a maioría das mulleres que veñen a España de países de Latinoamérica. A viaxe de ida e volta no fenómeno migratorio.

O cotián vaise tecendo ao seu propio ritmo no exilio, é un volver empezar con novos códigos culturais, por iso as aprendizaxes e as resistencias, os achados e os medos van aparecendo sincronicamente no día a día.

Claro, eu fun a Suíza coa miña madriña e ela era das de antes e só nos deixaba saír da casa unicamente con ela. A miña madriña era un pouco recta, un día fomos traballar, a miña curmá nunha moto e eu en bicicleta, porque as fins de semana non había autobús e tiñamos que baixar dez quilómetros dende casa ao hospital e eu aínda non tiña os papeis. E cando chegamos á casa, a miña madriña cun zapato e dime a miña curmá: "pasa diante que che vai caer a ti primeiro", e a min non me tocou pero á súa filla deulle co zapato na cabeza que non a matou de milagre. "Que facedes vosoutras?", "e ti non sabes que non tes

papeis, que te van mandar para alá?"(...). A verdade, tiña razón, pasábanos algo e eu non tiña papeis. E bueno (...) alí paseino ben, a miña madriña non nos deixaba saír pero tratábame do mellor, como coa súa filla, igualiño. Pero de saídas nada, ás veces diciamos que iamos mirar o fútbol e iamos pasear por alí. Se iamos ao centro galego a miña madriña tiña que ir connosco e ás doce para casa e todo así, todo así. **Mari Carmen**

Cando cheguei a Lérida primeiro coidei aos nenos, alí ti ven a Javier. Ben é certo que coincide que es moi novo e pásalo moi ben nesa época. Tiñamos amigos alí, viñamos en vacacións sempre, verán, Semana Santa. Aprendín un pouco de catalán pero custábame tamén falalo, enténdelo, enténdelo, todo. Non é fácil facer amigos en Cataluña. Eu fixen amigos pero non eran cataláns, de Zaragoza, doutros sitios, se cadra tamén pola lingua que te condiciona. **Lourdes**

O choque cultural que se experimenta cando vives fóra percíbese en matices pequenos como os horarios ou os hábitos alimentarios do lugar que te acolle. Por iso, ás veces, mesmo sen poder nomear que é o que botamos de menos, temos falla da nosa identidade cultural.

Necesita agarrarse unha polo menos a un prato que cheire a fogar, a un hábito que traia de volta aquel costume que un día sementaches na casa.

"Despois moi ben, traballaba cunha turca, unha iugoslava, falabamos por acenos ou en francés, despois entendíámonos no pouco francés que eu sabía, a turca sabía aínda menos. Eu entendíame moito co meu marido que falaba galego coma min.

Traballaba desde as sete da mañá ata as once e vinte da mañá. Logo viña comer e á unha menos dez volvía entrar. Iso causoume unha estrañeza tremenda: "que horario é este?" logo, ás cinco xa estaba libre, xa me viña para casa. Viviamos nun piso que nos buscou meu pai, despois o primeiro ano iamos a pé dous quilómetros para traballar ás seis e media, volver comer, outra vez traballar. Logo compramos o coche e xa era coser e cantar. Ás cinco, no verán, iamos dar unha volta, facer a compra, estar por alí un pouco e no inverno ver unha película ata a hora da cea, que eu non a cambiaba. A da comida tiña que cambiar si ou si". **Pilar M. A.**

"Comiamos sempre de restaurante, o que queriamos aínda que sempre é a mesma cousa no restaurante: costillitas, roastbeef, poñían tortilla española e era unha tortilla con xudías e ovo e sen pataca. E os pitos cortábanos en

*catro anacos, as ás, a peituga e as patas. Entón a nós un día ocorréusenos que co pescozo e coas aliñas podíamos facer un arroz. Eu tiña o tempo libre que quería, Chente non quería saír. Eu saía con Teresita Rebollar porque os nenos que coidaba ían ao colexio e ela quedaba soa coa señora. Facía eu unha empanada, colliamos o coche, a señora, Teresita e eu e iamos por aí. Tiñamos un matrimonio amigo, non tiñan fillos. Xusto dende a casa deles, dende a cociña víase o campo do Manchester United. E con ese matrimonio percorremos moito, fomos de vacacións. Eu paseino moi ben, non trouxen diñeiro, coñezo moito, moito de Inglaterra, tiña as miñas vacacións (...). Vivir alí deume moita cultura porque fun ver a Margaret Fountaine, ver cultura, cultiveime porque aquí non había, fun a concertos e todo iso. **Olga***

A experiencia de Olga devólvenos asemade toda esa riqueza que supuxo a aventura no estranxeiro. De feito, para a maioría o trato que alí recibiron foi realmente bo. Marita, por exemplo, conta con satisfacción como a familia para a que traballaba acolleu o seu embarazo.

Na casa desa señora estiven catro anos, quedei embarazada e quixéronme embarazada, unha marabilla. O irmán da señora era o director do hospital, bueno (...) estiven como unha princesa, con flores. Todos os nenos negritos

postos alí xuntos, a miña nunha cuniña, viña a señora con flores, viñan as irmás, todos porque me querían coma se fora filla. Tiven a nena, foron os padriños, coidábanma. Cando choraba a miña nena íana buscar: "crese iso?", collíana e levábanma para o aire acondicionado, para a súa habitación, unha marabilla. **Marita**

Así mesmo, o testemuño de Marita é a proba de que no diálogo social é necesario analizar as diferentes categorías que entraban en xogo na Venezuela daquela época.

A condición de muller migrante interactúa coa categoría de raza e establécense inevitablemente privilexios e relacións de poder.

A DECISIÓN DE VOLVER

O pulo de retornar xurdía a miúdo das propias circunstancias familiares, máis que de factores socioeconómicos era, ás veces, unha obriga e outras a vontade por recuperar o benestar emocional no lugar de orixe.

E despois vin para aquí para despois volverme ir porque onde traballaba estaba moi ben vista, mesmo me querían

ben, o xefe do hospital, o director, ascendín a xefa da limpeza. Eu quedei de volver pero despois cando cheguei aquí deulle iso a miña nai e xa non volví. **Mari Carmen**



Despois estiven sen traballar dous ou tres anos e xa se xubilou o meu home e vinme para aquí, sempre coa cousa de virnos. É que eu creo que a emigración ten ese problema, o de que sempre te queres vir e logo volves para aquí e pensas que non era para tanto. Tamén alí o pasabamos moi ben, non? É así, agora moi ben. Eu a verdade son de aquí, son galega, aínda que estiven trinta anos en Lérída. **Lourdes**

Despois collemos un hotel alí, con outro matrimonio de San Adrián, tiñamos prazas para corenta persoas. O meu marido traballaba fóra, eu e a outra traballamos alí, tiñamos que servir as mesas. Tiñamos moitos españois, lavabámoslles a roupa, tiñamos unha señora que viña pasar o ferro e unha cociñeira no hotel. Pero nese momento eu vin a España coa nena e volvíñ marchar, estiven tres ou catro meses aquí, en Mera. Despois seguimos traballando alí, o meu marido estaba no negocio de coches. Co tempo o meu marido foi a unhas oposicións da Banda Municipal, aprobounas e tocaba tamén na banda. Saía de Atoval e, á noite, ía ensaiar e os domingos tocaban na praza. E despois, aos dez anos viñémonos porque eu tiña ganas de vir, coas nenas e todo. Non me faltaba nada pero despois traspasamos o hotel (...), a outra parella tamén quixo vir. O meu marido tiña ganas de volver para alá porque tiña a Banda en Venezuela e díxome: "se queres quedas e se non véste", pero eu quixen quedar, el estivo un ano e xa se veu. **Marita**

Logo volvíñ e aquí, en Mera, ata agora. Os dous queriamos vir, regresar, e ademais o meu marido dicíame: "bueno, se quedamos non imos ir todos os anos a España, imos a calquera outro sitio." E eu pensaba que eu quería volver, non fora ser que quedáramos alí para sempre. **Pilar M. A.**

Vivín alí oito anos, volvemos porque Chente púxosecheme mal dos nervios que non lle ía aquilo, eu aínda saía pero el quedaba mirando o xornal ou a tele porque ás tres da tarde case era de noite. **Olga**



Os seus testemuños recuperan un legado imprescindible e actual: que hai detrás da vivencia migratoria? Efectivamente, unha persoa non é a mesma ao seu regreso e, polo camiño, sofre perdas á vez que gaña outras experiencias. Máis aló de perder e gañar, a condición de migrante espértache con máis énfase esa arela que todas as persoas levamos dentro por descubrir e por comprender a realidade.

Eu saín da escola e a primeira cousa foi atender ao muíño e, aínda así, compaxinándoo un pouco coas vacas, coa labranza, na agraria, ir ao sou-to buscar para moer ata que viñeron os pensos compostos

TRABALLO PÚBLICO: OS DONS AO SERVIZO DA COMUNIDADE

Establecer a diferenza entre *traballo público e traballo privado* cando falamos de actividades desenvolvidas por mulleres é realmente complicado porque, na maioría dos casos, elas levaron a cabo traballos que non estaban remunerados pero cuxo impacto afectaba aos dous ámbitos, ao privado e ao público. Ao mesmo tempo é necesario visibilizar o seu labor na esfera pública para dar relevancia ao avance que supuxo a incorporación das mulleres ao mercado laboral e máis nunha contorna rural.

No seu camiño algunhas si puideron poñer os seus dons ao servizo da comunidade pero, tal vez, cabe preguntarse de que xeito a sociedade pulaba ou obstaculizaba o desenvolvemento desas capacidades e, sobre todo, cantas delas aínda están por explorar.

O TRABALLO FÍSICO E OS OFICIOS ARTESÁNS

Os primeiros pasos que deron no mundo do traballo foron temperáns. Sendo Mera unha localidade con especial movemento téxtil non é de estrañar que moitas se dedicaran a este sector como primeiro oficio. Tamén os negocios familiares como as granxas e os muíños tiñan moita actividade naquel período e necesitábase a axuda de todos os membros, incluídas as máis novas da casa.

Logo da escola, fun aprender a coser con Carmen de Sabio. A min gustábame moito coser, aínda me gusta hoxe, estiveren alí uns anos. Logo puxeran en Mera un taller de bordado, Pilar Barcón, e bueno (...) eu non ía alí. As que tiñamos máquina bordabamos na casa e dábannos traballo, era para un comercio de Viveiro. Alí no taller pasábano bárbaro, eu estaba na casa. Despois fun traballar á farmacia de Mera, estaba de auxiliar. Lourdes

Dende que saín da escola, tamén fun a aprender algo a bordar porque estaba a miña nai e dixo: "vas bordar xa que non queres estudar, a bordar con Pilar e a coser", tamén calcetaba, ganchillaba, algo de todo pero nunca a gran escala. Para Pilar tamén, bordabamos para o señor

de Viveiro. El traía os xogos de cama, bordabámoslos e levabámoslos no coche de liña ou se non viña o señor buscalos. **Marisol**

Saín do cole e fun aprender a bordar e a coser e estiven bastante tempo aprendendo e logo xa empecei a bordar na casa. **Pilar B. F.**

Eu saín da escola e a primeira cousa foi atender ao muíño e, aínda así, compaxinándoo un pouco coas vacas, coa labranza, na agraria, ir ao Souto buscar para moer ata que viñeron os pensos compostos. **Fina**

Algúns dos seus oficios apenas puideron sobrevivir aos cambios produtivos de hoxe en día por iso, no caso de Fina, como traballadora do muíño, a súa experiencia recupera unha sabedoría fundamental para o patrimonio da parroquia. O muíño ocupaba o centro da súa vida familiar e profesional pero tamén foi unha peza básica das economías dos arredores.

Xa durmías co ruído do muíño, con todo, estabas pendente de cando remataba o muíño para botar máis, o traballo eran as vinte e catro horas. De día móíase para as casas porque se cocía todos os días, todo o mundo facía pan na

casa. De noite ademais, na primeira época, había os que viñan e ían vender a Cariño de extraperlo o maínzo. Había que moerlles o maínzo e poñerllelo en saquetiñas de cinco quilos que era o que vendían na praza en Cariño. Isto facíamolo de tres a catro da mañá para coller a fariña e ir para Cariño. E logo de moer todo iso xa o cargabamos porque aquilo daba menos traballo. Para o Souto, cebada, maínzo e avea, era o que traían. Nós íamos co carro buscar o cereal, moíamolo e levabámosllo outra vez ao Souto. Pola noite deitábaste, as habitacións estaban enriba do muíño e xa sabías polo seu ruído cando ía haber que cargar máis. Había un caixón grande para a fariña que caía, había que apartala para que non lle chegase arriba outra vez. Despois co muíño, unha ou dúas veces á semana o maínzo había que picalo pola parte de abaixo que lle chamaban o pé e a capa, unha vez ou dúas á semana e claro, todo aquilo porque se non íase poñendo liso. Moíamos para moita xente de San Claudio tamén, desde Sixto á Rocha. Cada vez que vou eu alí, que agora hai que ir en coche (...) pensar que viñan cunha saqueta de vinte quilos de maínzo e igual viñan con tres ou catro de trigo dende alí para mesturar e facer o pan (...) e agora que collemos o coche para todo. **Fina**





No muíño, nós tiñamos o papeliño que che mandaban da Fiscalía co prezo que había que cobrar por cada vinte quilos que se moía, chamábase "a maica". Pero a xente daquela non tiña diñeiro como para pagar cada vez que ían moer e entón todo o mundo prefería que por vinte quilos quitaras un para cobrar e con iso tiñas que ter moito coidado porque o papeliño do prezo tiñalo alí. Ata tivemos unha época que había que cubrir o libro do que ía moer porque viña a Fiscalía unha ou dúas veces ao ano. Xa nos comunicabamos entre os muíños, xa sabíamos que andaba por aí a Fiscalía. A primeira cousa que había que facer era quitar onde botabamos o de cobrar, tiñamos unha lata de pimentón e o caciño de quitar a maquila (a porción de gran ou fariña que había que pagar ao muiñeiro pola moedura do gran) e había que apartalo porque se non multa seguro, pero todo o mundo o facía así. **Fina**

Despois de toda unha vida dedicada a escoitar o leito do río, a canle da auga para saber cando había que botar máis maínzo, chegou o tempo de pechar o muíño que tiña servido e alimentado a varias xeracións.

O muíño funcionou ata pouco hai, despois houbo xente que comprou un muíño eléctrico e moía na casa. Eu ultimamente moía todo o trigo do panadeiro de San Claudio,

despois avariouseme un dos muíños e non compensaba, vaise un millón de pesetas en menos de nada. Ademais, nos muíños por baixo non hai sitio para un carpintero estar de pé e arranxar en condicións, e leva máis tempo e foi cando paraban os muíños e cando nos desfixemos de todo. A min deume un poquiño de (...) e ademais lembrábanme moito á miña nai porque ela xa nacera nos muíños. **Fina**

Lourdes coñeceu tamén de cerca a realidade do traballo físico como operaria nalgunhas fábricas de Lleida, un labor mecánico e arduo nun ambiente, a miúdo, moi endurecido por condicións precarias de produción.

Cando os nenos xa ían ao colexio empecei a traballar nunha fábrica de turróns, é pesado porque é quente. Tíñalle que dar a forma da pastilla aos turróns, nas cadeas embalando. Despois traballei nunha fábrica de garavatas, a confección era moi pesada porque hai topes e se non os fas tes que quedar ata que os fagas. Non é o horario das oito horas. Eu poñía as garavatas xa cortadas ás máquinas pero era peor porque se non llelas tiñas preparadas ás das máquinas botábanche unha bronca porque elas non facían o tope, era moi estresante. Se pasaban do tope cobraban máis, entón volvíante tola, como te despistaras

pegábanche uns berros, non o xefe, a el non lle importaba moito, el xa tiña ese sistema. Saía a mercadoría para Inditex. **Lourdes**

A experiencia na contorna profesional é unha porta a diferentes dimensións que converxen entre si para afectar ás relacións sociais, a independencia económica ou a percepción de valía persoal sobre todo no que podían aportar a través do seu traballo.

Na fábrica de turróns e de garavatas xa te relacionabas máis, había xente de Aragón e doutros sitios. O traballar fóra ábrete a outras experiencias, coñeces a máis xente. É moi bo traballar fóra da casa, ten a súa parte mala porque o traballo é duro. Eu, bastante antes das seis da mañá, ás veces, xa me ía en canto viña o bo tempo pero compensá-bache. Nalgunhas ocasións falo por necesidade e noutras porque estás afeita a gañar diñeiro e eu se non gañaba o meu diñeiro non sei, parecíame que non (...) que eu tiña que gañar o meu diñeiro. Era que estaba afeita porque xa o fixen dende nova. **Lourdes**

Eu nas Pontes traballei privado, bordaba moito para a xente que me facía encargos. Alí paseino de marabilla, cosía disfraces para as veciñas, con elas tiña moi bo

"feeling". Pero despois, estas cousas que pasan, unha foise para Coruña, outra cambiou de edificio, outra foi para o poboado de arriba e outra morreu. E esas son as cousas que me faltan agora. Viñan, ensinábanme unha tea que mercaran e dicíanme se lles facía unha chaqueta ou outra cousa (...). **Pilar B. F.**

O ATREVEMENTO DE CREAR E EMPRENDER

Coma se estivesen parcialmente agochadas en costados da memoria, imos descubrindo as ideas que levaron a cabo e materializaron en negocios ou empresas. Ás veces, porque chegou a oportunidade ou porque elas tiveron a suficiente creatividade para imaxinar que era o que Mera non tiña e podía necesitar nese momento. O certo é que puxeron os seus dons e capacidades ao servizo da comunidade. Cando o relatan tratan de quitarlle mérito á fazaña de emprender no seu contexto. É certo, a humildade ten a miúdo sombra de xénero.

Moitas aprenderon a coser dende nenas pero, para a maioría, esa non foi a súa profesión, quizais porque foi debilitándose o mercado da costura a pequena escala. Para Pilar B. F., con todo, significou a oportunidade



do seu desenvolvemento profesional, ademais de ter o seu propio obradoiro durante dez anos. Continuou despois cosendo traxes para ocasións especiais como vodas e celebracións, creando disfraces de época e vestindo a través da súa costura artesá a moitas persoas do seu redor.

Dixéronme que se quería traballar para Viveiro bordando. Eles tiñan un comercio, eran como viaxantes, distribuían, tiñan unha fábrica e dixeran que si. Empecei con dúas mozas e despois viñeron outras e cheguei a ter doce. Aumentamos o espazo alí no que eran as cuadras da miña casa porque eu tiña dous nenos. Compaxinaba a crianza e o taller. O ambiente era moi bo alí, pasabámolo ben (...) elas cobraban polo que facían, bordabamos os xogos que nos mandaban. Cada xogo tiña o seu prezo, pagábannos unha merda, falando mal (...) pero bueno, non facías outra cousa. E tamén ensinaba ás que querían aprender. A min gustábame bordar moito, valeume moito sempre telas (ás empregadas) porque o ambiente que tiña eu na casa era un pouco deprimente, de xente maior e tiñas que estar pendente de facer as cousas da casa. Valéronme moito por iso, eu estaba no medio da mocidade e na casa tiña esoutro problema pero levábao mellor. A Pilarita tamén lle gustaba coser e como viviamos todos xuntos cando había

*que coser algo ela estaba comigo e axudábame. O taller tíveno uns dez anos. Deixei antes de irme eu para As Pontes porque morreu a señora que o levaba alá en Viveiro e o señor foi a pique. **Pilar B. F.***

Aparece de novo no relato a importancia do traballo público para crear redes de apoio que sosteñen e axudan nas dificultades diarias. Marita e Marisol, pola súa banda, iniciaron os negocios de seu, mostrando o pulo de empezar de cero para responder a necesidades concretas da parroquia.

*Eu soa montei un comercio de mobles, deume a min por montalo, aquí non había nada de mobles, fíxeno eu soa. Cando chegou o meu marido tiña todo xa posto. Empecei eu con pouca cousa, ao vir el puxen tamén mercería. Traía un camión de colchóns e ao pouco tempo xa non había ningún colchón. Decía un veciño: "non sei onde durmía a xente antes?", había colchóns pero eran de lá e picaban. Cando veu o meu marido aumentamos un pouco máis, compramos a casa que temos agora. O meu home era o que ía levar os mobles, puxen paquetería e mercería tamén. A tenda tívena ata que me xubilei, con sesenta e sete anos. **Marita***

*Logo dei clases a nenos pequeniños. Montei unha gardería, ensinábaos a ler e a escribir, saían ao recreo, tiveron como sete nenos. Aos nenos, mandábanmos a min porque faláron de que non había ninguén aquí, en Mera, para ensinalos a ler antes. Fíxeno na miña casa, debeu ser no setenta e seis ou por aí. **Marisol***

Ao casar tiña que ir coidar aos meus pais a Landoi. Daquela non había Seguridade Social, non había nada, non había rehabilitación

OS COIDADOS: POÑENDO A VIDA NO CENTRO

Como sociedade necesitamos escoitar historias sobre os coidados, en primeiro lugar para dignificar ás persoas que os fan e tamén para achegarnos a comprender o que realmente entraña este labor. Estas liñas son un leve intento de albiscar o que estas mulleres fixeron (e ao que renunciaron) para coidar porque o certo é que, o concepto de coidado, adquire unha dimensión moito máis rica cos seus relatos de viva voz.

Unha das referentes actuais deste tema, Yayo Herreiro, di que os coidados teñen que ver con poñer a vida no centro, con entender a relación entre o sostemento das nosas vidas e a necesaria dedicación ao coidado. Elas saben o que iso significa porque entenderon haxa moito tempo que as comunidades non poderían sobrevivir sen esta entrega, sen nutrir a interdependencia dos seres humanos.

COIDADOS CARA Á COMUNIDADE

No relato sobre os coidados entran en xogo dous niveis, cara fóra para as persoas que vivían en Mera, e cara adentro para a propia familia. Ambas dimensións coexistiron nunha contorna que tivo a sorte de ter a mulleres dispostas a axudar de forma desinteresada e moi conscientes da necesidade de atención médica e de asistencia para ter unhas condicións mínimas de vida. No caso de Saruca, este labor chegou ata o punto de que os nenos e as nenas da comarca ían á súa casa para poñer a vacina da varíola.

Aprendín a poñer as inxeccións. Unha cuñada díxome un día que se sabía poñer inxeccións, e eu, aínda que non puxera ninguna, púxenlla porque xa me explicara o médico como facelo, pero esa foi a primeira que dei. E despois xa, figúrate (...) todas as que puxen aos meus fillos e ao pobo. Aquí a xente ía ao médico cando estaba morrendo porque non había (...), e Don Urbano mandábame a min a poñer as inxeccións a todos os sitios, ía polas casas. É que non podían, non había Seguridade Social, que a min agora cando falan mal da Seguridade Social é que me pon a cen (...) fíxate ben porque antes non había nada". **Saruca**

Coas vacinas tamén me tocou a min moito en canto faltou Don Plácido. Pero pecamos un pouco de atrevidas porque se a un practicante se lle infectaba unha inxección tiña os seus propios medios pero eu (...) daquela non había xiringas, había que ferverlas e eran de cristal. **Fina**

Había unha señora maior aí abaixo e eu leváballe a comida. Cando a levaron á residencia deberon atopar unha chea de culleres miñas de levarlle a comida, que me caían e por non collelas (...) que ata había pulgas, había de todo. A miña nai, pobriña, collíalle verdura para levarlla á ovella que tiña. A señora de en fronte dáballo o leite. Eu sempre ía porque dábame pena, bañábaa tamén, era unha mágoa, doíame tanto. Íalle levar comida para que non morrera de fame. **Marita**

Levar a xente moi grave ao hospital en caso de necesidade de atención sanitaria e ata unha operación, facer compañía, asistir con bens básicos diarios, o coidado que elas dedicaban non tiña límites. A falta de redes institucionais naquela época mostraba con vehemencia a necesidade da interdependencia que aínda hoxe nos custa integrar no noso sistema.

Saruca representa nese caso a confianza que varias familias forzadas a emigrar envorcaron nela para que fose a responsable e a persoa de referencia dos seus fillos e fillas, sobre todo en materia de estudos que era para ela a prioridade do seu compromiso.

Outra muller que era de San Claudio, era da Rocha, Abelarda, veu onda min dicirme que se tiña que ir e que non sabía onde, pero tiña que ir a Vitoria e que tiña que chegar un mércores, que era cando o seu curmán tiña libre e podía recollela. Díciame que tiña que ir por España para arriba do todo e que tiña que chegar (...). A min ocorréuseme que podía ser que tivese que ir á estación Vitoria de Londres e ela dixome: "e será (...)", e chegou o mércores que estaba o primo esperándoa. Pero "qué listas eran caramba!", e non sabían escribir e valentes coma o Cid. E despois, acórdome que veu unhas vacacións e apareceume cun neniño de dous anos que era o fillo dos seus xefes. Eles quixeran que o trouxera para ter a seguridade de que ela ía volver. Un neno de dous anos, sen saber nada, e tróuxoo e tívoo aquí na vacacións.

Fóronse os pais (ao estranxeiro) e eu fíxenme cargo de oito nenos internos nos colexios. Acórdome dunha curmá de Lourdes, que foi a única matrícula de grego que deron no colexio da Coruña, estudosísima, que se fixo mestra. No verán viñan pero ían á casa dos avós. Eu ocupábame dos colexios, os seus pais mandábanme o diñeiro para pagar os colexios sempre e para vestilos, todos estudosísimos. Os meus fillos sempre protestaban porque dicían que cando me chamaban para as cousas dos nenos ía, en cambio cando se trataba deles non. E é verdade, claro porque eles só nos tiñan a nós e tiñamos que ir para as notas. **Saruca**



Á DERIVA DO COIDADO FAMILIAR

Os coidados acháronas a algunhas delas no camiño da mocidade, sen previo aviso, coma se fose unha responsabilidade que non tiveron opción de non tomar.

Cando casei vin vivir a Mera. Vin vivir coa miña sogra que estaba inútil, nunha cadeira sentada, e unha tía do meu marido que tiña un pé mal, estaba coxa e eu daquela tiña moito traballo. Saes da túa casa afeitada a facer o da costura e nun primeiro momento non te adaptas a vivir con dúas persoas maiores pero adapteime. **Pilar B. F.**

Á miña irmá deulle meninxite aos tres anos e quedou un pouquiño tocada. Despois co paso do tempo quedou con epilepsia do problema que tivo. Iamos para a Coruña ver especialistas e non había de Seguridade Social, todo era de pago e veña ir á Coruña e a Santiago. Eu ocupeime sempre dela, ela era moi amiga das festas e, a cotío, a miña nai dicíame: "se non levas a Carmen non vas". E eu tiña que levar á miña irmá e estar pendente dela. Con ser tres anos e medio maior ca ela tívenme que ocupar de que non se meteran con ela, da hora á que tiñamos que vir.

Fina

Circunstancias como a volta da experiencia migratoria tamén supuxeron un momento crítico para que non tiveran máis alternativa que facerse cargo da familia. Ademais, isto facía que tiveran que transitar forzadamente da posición de ter un traballo remunerado no estranxeiro para ocuparse integralmente do fogar e das necesidades familiares.

Á volta (despois de emigrar), eu como que non traballei moito, bueno (...) traballei noutros mesteres, na casa, coa miña avoa, co meu avó, cos meus sogros, pero non era traballo remunerado e agora teño ao meu pai, á muller (...) e bueno, ben. **Pilar M. A.**



Cando volvemos de Inglaterra eu ocupábame de mamá e do meu tío Andrés, da casa (...) **Olga**

Cando volví para aquí (despois de emigrar), á miña nai deulle unha subida de tensión e quedou parálitica. Collín eu as rendas da casa ata que casei. Despois, ao meu pai tamén lle cortaron unha perna e enfermou o meu tío que tamén vivía connosco. Ao casar tiña que ir coidar aos meus pais a Landoi. Daquela non había Seguridade Social, non había nada, non había rehabilitación. Eu á miña nai tiña que poñerlle as pernas enriba dos meus pés para andar, eu levantaba o pé e ela levantaba a perna. Despois ía a miña irmá unha semana para coidalos e outra semana ía eu, así faciamos quendas. Tiñan unha rapaza para facer as cousas pero de noite iamos durmir nós e eles pagaban coas súas pensións. Despois tivémola que levar ao tribunal á Coruña porque non andaba, nin falaba, nin movía o brazo (...). Para entrar pola porta do tribunal ela poñía o pé no meu e dixo o xuíz: "e a que traen aquí a esta señora?", e eu dixen: "Ai!, porque nos mandaron".

A miña nai non comía, non bebía, por unha palliña dabámoslle de beber. Daquela non había cueiros, lavadoras, a miña nai facía as súas necesidades todas por ela, as sabas vellas poñíamolas como cueiros, é que daquela non había nada. Cando estaba en Suíza a miña nai dicíame sempre

que me viñera, que daquela, en España, xa se estaba moi-to mellor pero eu alá estaba ben. Logo tiveron que coidar ao meu sogro. O meu marido cando me ía un momento xa me dicía que me viñera rápido porque eu o entendía mellor ca el. **Mari Carmen**

Non se cuestionaba que fosen elas as que se ocupasen de coidar, por iso, as súas historias son unha mostra inequívoca da feminización que sofre este sector. Comprendemos que para a maioría delas esta obriga non tiña fin, xa que foron enlazando os coidados de diferentes persoas dunha familia extensa. A figura da coidadora exclúe tempo para elas mesmas (as súas relacións, a seu autocuidado ou os seus sonhos e inquietudes, por exemplo) e tempo para contribuír a outras esferas da sociedade, o rol esixe o compromiso sen tregua.

Criei aos meus tres fillos, dúas nenas e un neno, tamén coidei da miña sogra, da miña nai, do meu pai, de todos. Non traballei en nada, só estiven na casa traballando. A miña sogra tiña demencia e fatal porque pasaba semanas chamándome seguido: "Marisol, Marisol" (...) había momentos nos que me desesperaba. Ela falábame en galego, ela tivera unha granxa de vacas e todo o que viviu dicíao

e repetíao constantemente: "fun levar o leite e non me vades levar, deixádeme levantar que teño que" (...), e bueno, pasaba as noites así, sen durmir e despois durmía dous ou tres días seguidos. Estaba a filla tamén coidándoa, non era eu soa. Sete anos coidámola así, con cueiro e todo. E o meu pai tamén, tamén facía quendas coa miña cuñada. Vin eu das Pontes coidalos aquí a Mera, pasaba aquí a semana e volvíame a fin de semana. E da casa aos hospitais e así estivemos. E agora teño dous netos que tamén mos traen, cóidanos elas pero se veñen, que ten que traballar unha das miñas fillas tráemo neto, é un diabliño pequeno, eu non podo con el porque corre por todos os sitios.

Marisol

Estou orgullosa e contenta porque puiden atendelos a todos, mesmo á miña sogra, estivo coa filla e con outro fillo e acórdome (...), ela estaba mal da vista e iamos á Coruña ao oculista e díxome que se eu a quería, que quedaba en Mera e que lle ía dicir eu, pois que quedara e quedou deza-seis anos, estaba cega. O meu marido e eu non volvemos a ningunha festa dende que se puxo moi maliña a nai del, el baixaba a ver a banda do Santiago pero nada máis, non se ía para festas doutro lado, diso nada.

Coidei aos meus pais e á miña irmá que estivo sete anos encamada. Cando unha persoa ten a cabeza ben, cóidala

ben pero cando lle falla un pouco é máis difícil. A miña irmá chamábame e eu correndo polas escaleira pensando que caera da cama e chegaba arriba preocupada e miña irmá Carmiña só quería saber que estaba facendo (...) co que me doían a min os xeonllos! Era sempre así, de noite e de día. E todo iso foi a miña vida, sen poder saír porque tiña tres persoas maiores e mais a miña irmá. Creo que a xente que tivo unha persoa maior encamada sabe ben o que é porque son as vinte e catro horas do día.

Faciamos a casa e a labranza. Cando era de recoller a herba seca para o inverno, cando se sementaba trigo, segar, ás mallas, foi moi duro todo aquilo. Nunca deixei de traballar. Xubileime da terra que xa non tiña máis que unha vaca e pouca terra pero tiña que coidar á miña irmá que non podías parar, era peor. **Fina**

Despois a tía púxoseme mal da cabeza, demencia senil, bueno, íaseme da casa en camisón. E despois para completar o grupo a miña nai non quixo coidar á miña avoa. Díxolle ao meu pai que ou a mandaba para un asilo ou que ela non a coidaba, non se levaban ben. E como a miña avoa me criara a min ata os cinco anos eu dixen que miña avoa para o asilo non ía e tróuxena para a miña casa.

Despois, hai que rirse. Mira, veu a miña avoa, despois enfermou o meu pai. Estabamos nas Pontes, tiven nove meses ao meu pai na casa cando lle deu a trombose pero despois a el pareceulle que xa se movía un pouco e quixo vir para a súa casa. De todas as maneiras, se un día libraba o meu marido, iamos a Ortigueira e se non libraba eles tiñanse que quedar sós e aínda a miña nai me dicía: "xa mo mandaches para aquí". Eu tiña aos meus fillos estudando nas Pontes e non podía dicir vou para xunto dos meus pais e deixo aos meus fillos e ao meu marido. Eu iso non o podía facer e el non quería de ningunha maneira estar alí e díxenlle á miña nai que se tiña que dar de conta diso. E como el xa se movía un pouco pois viñeron para Ortigueira. **Pilar B. F.**

Eu coidaba da miña nai. Despois veume a miña sogra tamén porque se puxo un pouco mal da cabeza e tamén a coidei eu e tamén traballaba. Eu co comercio e a miña sogra, así é a vida. Despois o meu marido tamén tiña un tío aí arriba que o vía fatal, ao pobre, e tiñamos que ir durmir alá e levarlle eu a comida todos os días e, á noite, dabámoslle a cea e durmiamos alí con el durante case tres anos. E o día que o iamos traer para acá, aos dous ou tres días deulle unha voltiña, tiña un marcapasos e morreunos. Así é a vida, "eu escribía un libro, eu soa escribía un libro". **Marita**

Efectivamente, cos testemuños dos coidados que elas entregaron poderíamos escribir un libro porque este tema require un espazo propio. Os seus relatos serán imprescindibles mentres se siga deixando ás mulleres á deriva invisible dunha corrente que as arrastra a soste soas a defensa dunha vida digna. A realidade é que todas as persoas necesitamos ser coidadas pero nunha sociedade patriarcal como a nosa, elas mesmas pregúntanse se este é un camiño recíproco, é dicir, se haberá persoas que poidan coidalas a elas.

As nais ocupábanse de todo o que podía pasar

AMORES, MATERNIDADES E CRIANZAS

Na alma das súas biografías están os vencellos que foron establecendo e nutrindo durante toda a súa vida. Recuperamos neste fragmento as relacións que forman parte esencial da súa identidade, de quen son hoxe.

AMORES

Non estaba no guión falar directamente sobre a súa época de moceo, con todo, sae na conversa de forma natural. O clima de confianza e complicidade fai que os compartires sobre este tema se convertan nunha burbulla de risa e distensión. Despois de falar dos momentos difíciles, isto tamén é importante e sanador. A través dos seus relatos vemos os bailes que se ían facendo nos encontros sociais daquela época, como se facían as primeiras interaccións e as etapas do noivado.

Collín mozo con dezanove, coñecino nunha festa na Rocha. Vou dicir como foi a cousa. Resulta que el me viu e

preguntou que quen era eu e achegouse. Saíu do grupo (porque eu creo que tiña unha copiña) e veu e díxome: "ola Olga, que tal?", e eu nunca o vira na miña vida e pensei que era un descarado e despois pregunteille a unha amiga: "pero quen é?", díxome que era o sobriño de Obdulia e xa me gustou (...), ben vale.

Bueno e despois veu o Santiago de Mera e el veu. Andaba cun amigo e sacaron a bailar a dúas mozas e despois viñeron onda nós e eu dixen: "nooooo", aquel día nada. Ademais había uns estudantes que viñan a Cariño, non sei que cursos viñan estudar, un valenciano feo, horroroso e estivo comigo. Mira, o pobre rapaz debínlle gustar tanto que me escribía pola mañá e ás doce da noite, que quería casar comigo, unha tolemia, pero era feo e tiña uns pés tan grandes que non quería mirar para el.

*Despois no Carmen estabamos unha amiga e eu na ponte e xa veu Chente e dixo que se queríamos bailar, bueno (...), atentísimo. E outro día fomos para Cariño ao San Bartolo e Chente veu tamén a esa festa pero eu fora pasar a Semana Santa a Ferrol e coñecera un mozo alí, saladísimo, que veu co fútbol a Cariño e estiveron con el. E despois pola noite Chente vixiou onde iamos cear e tan pronto me viu xa veu para xunto de min e dende aquela viña seguido, seguido, seis anos de noiva. **Olga***





"Eu en Suíza nunca estiven cun mozo nin nada de nada pero resulta que había un mozo ao que eu lle gustaba e teño a carta que lle escribiu á miña madriña para que me deixara saír con el. Pero a carta nunca lla entreguei á miña madriña. Non, porque eu non quería saír con el: "señora rógolle (...)", xa non me acordo pero aínda a teño Imaxína daquela como eran as cousas, que el quería saír comigo e eu: "que non me deixa a miña madriña". Cando volvín, un día había un señor que traballaba na canteira de Landoi que falaba algo de francés (o meu marido estaba con el) entón ao pasar non sei que me dixo en francés, unha gabanza, e eu mirei así para atrás e dixen: "ah, si?", e eu pensei que era o señor que falaba francés e ía o meu marido á beira (...). Pero despois na festa xa estiven con el e despois xa oito anos de noivos, oito anos (...) e despois ter á miña filla. **Mari Carmen**

Saín do colexio aos dezaioito anos e aos dezanove coñecín ao meu marido. Estivemos oito meses de noivos, que el estaba embarcado. Xa as familias se coñecían e entón un día que el se encontrou co meu pai en Ferrol díxolle: "cando me vas a levar a Mera?", e meu pai respondeulle: "pois se queres vente que vou para alí agora". Veu e entón, xa che digo, oito meses de noivos sen vernos, primeiro teríalle gustado eu a el, despois como era moi simpático e era iso,

pois si (...). Casei aos vinte, aos vinte e un tiveron o primeiro fillo e así seguín. El pasaba embarcado moito tempo porque era o que máis lle gustaba do mundo. Cando estábamos de viaxe de noivos na Toxa chamárono porque o caudillo tiña que saír de pesca e el estaba no barco que ía dirixir a acción co caudillo e aí viñémonos, aos oito días xa estábamos na casa. **Saruca**

Ao meu marido coñecino nas festas de Cedeira, antes non nos podíamos coñecer na universidade, coñeciámonos nas festas. Eu ía nos coches de choque e mentres tiña diñeiro pagaba as viaxes pero cando se me acababa pois paraba aos que ían sós e dicíalles se me levaban. O meu marido debía de ir só e dixo: "si, si, sobe", e así o coñecín. Tiña eu dezanove ou vinte anos. Estiven nove anos dende que o coñecín ata que casei. Viamonos cada dous ou tres meses porque el estaba a estudar en Santiago e eu en Mera. Despois ao final xa nos viamos máis porque tiña carné de conducir e coche do seu pai. Non había WhatsApp, cartas si, houbo unha tempada que cada día pero despois xa non era cada día, xa non. **Lourdes**

Iamos ás festas e coñecín ao meu marido pero claro, como el tocaba na banda (...) pois se ía ás festas por aí, pois eu claro, buscaba a outro e paseaba con outros. E cando viña

*el pois estaba con el pero cando non, non había que perder o tempo. El tiña moitos ciúmes, tiven un noivo de Cariño. Logo fun maior e casei aos vinte e cinco anos. **Marita***

*Tiven mocetes tamén por aí, coñecinos nas festas. Un rapaz de Ortigueira que me viña ver en bicicleta e escribiu-me unha poesía que a teño aquí gravada, dígovola: "Una tarde de marzo la noche caía y no te tomaba en brazos porque no me atrevía, ¿por qué eres tímido si sabes que te quiero? Si no fuera tímido no sería tan mocero, más por ser tímido te quiero". Viña aquí a verme, ata que, con dezaoito anos, empecei co marido que teño hoxe. Coñecino na sala de festas A Ría, ao ano e medio casamos. **Marisol***

*Coñecino nunha festa de San Fernando, no Baleo, estiven con el aquel día, bailamos toda a noite e despois vía moitas veces en Ortigueira, a miña amiga dicíame: "ai!, mira onde está o mozo que estivo contigo", e eu pensaba: "si, a ver se vén falarnos", pero pasaba olímpicamente e non nos falaba, pero bueno (...). Despois viñeron as festas de Ortigueira, volví estar con el e dende aí pois seguimos, e xa che digo sete anos de noivos que xa non sei de que tiñamos que falar! **Pilar B. F.***

Á pregunta de como lles comunicaban aos seus pais a decisión de casar e como era petición respóndennos

que agora que os tempos e ese tipo de costumes teñen cambiado é moito mellor. Fina cóntanos a súa propia experiencia de pedida e de noivado.

*Veu o meu sogro e dixo: "é a primeira vez que vou pedir porque casaron dous fillos e non fun pedir a man", e primeiro falou co meu pai. Eu empecei con el con dezaseis anos, non me deixaban andar con el porque me levaba sete anos. Era maior ca min e pensei que se acababa o mundo, andamos cinco anos de noivos. **Fina***

MATERNIDADES E CRIANZAS

Despois de coñecer e comprometerse cos seus compañeiros de vida foron chegando as fillas e os fillos. Abriron un novo capítulo, o da maternidade que foi entrenzándose entre a responsabilidade da crianza, os coidados maternos e as tentativas de conciliación familiar.

O parto era uns dos momentos máis complicados nesa época para a saúde das mulleres e as necesidades de atención médica non estaban dispoñibles para todas elas.

Tiven os nenos na casa con Don Urbano, daquela non había unha Residencia nin nada. Despois de ter ao neno tiveron que facerme un legrado e non había Seguridade Social. Atendérame aquí Don Urbano e díxome (porque eu tiña hemorraxias) que fora para Ferrol porque un día podía quedar na cama durmida e podía ser máis grave. Entón fun á praza de España e alí fixeronme o legrado, en San Javier, de pago que non había máis nada". **Pilar B. F.**

Foron aprendendo tamén que crear e termar dunha familia trae o reto de afrontar dificultades que apenas poderían ter imaxinado, decisións de vida que hoxe xa son parte da súa historia persoal.

Aos vinte e un tiven o primeiro e xa non parei, tiven dez fillos. Viven oito, morrérome unha nena e un neno pequeniños. O neno dunha bronquite pero claro, antes non había a Seguridade Social, hospitais, que se houbese o Materno estou segura de que non tería morto pero claro (...) e a nena dunha vacina da polio que veu en mal estado dos Estados Unidos. Na contorna nosa morreron oito nenos e ademais, os médicos dixéronme que se vivía ía quedar vexetal. Pedín toda a noite a Deus que ma levase. E todo iso cóllete sen o teu marido, non sabes? e tes que aguantarte. As nais ocupábanse de todo o que podía pasar". **Saruca**

O día a día da educación dos fillos e as fillas caía especialmente nelas que se vían obrigadas a manter a orde na casa polo ben común.



Pero case sempre soa porque o meu marido estaba embarcado moito tempo. Tiña que educalos eu porque tampouco ías estar pendente de cando chegara el para educalos. Claro que a min dinme todos que bastaba unha mirada, eh!, eu nunca dei unha labazada home, uns azoutes si. Tamén llelos dou agora aos meus netos se (...) O outro día

Nico, o meu bisneto, díxome: "advírtoche que podes ir ao cárcere", e eu díxenlle: "sabes que che digo?, que non me importa nada". **Saruca**

Xorde na conversa a importancia dos apoios para a crianza. Podían ser as túas veciñas que estaban preto para poder liberarte un intre ou redes de mulleres que se creaban en circunstancias moi concretas pero o certo é que a *sororidade* xogaba un papel fundamental durante eses anos.

Cando casei foime complicada a vida. Eu viña afeitada a outra vida que non era aquela pero bueno (...) collino bastante ben, tiven á nena ao ano de casar e dezaioito meses, despois tiven o neno e logo foi xa cando empecei a bordar e a ter as mozas comigo no taller. Home, eu vivía cos meus pais e cheguei a unha casa onde estaban o meu marido, a miña sogra inválida nunha cadeira de rodas e unha tía coxa e méteste nunha casa así e tes que loitar con todo, teste que a facer. Pero bueno (...), teño que dicir que foron buenísimas. Os nenos creceron, vas collendo máis confianza. Tiña a sorte que tiña á nai de Marisol e á avoa á beira e que desafogaba moito con elas se tiña calquera cousa, eran da familia. **Pilar B. F.**

Despois tiven á segunda nena alí no hotel, a miña compañeira axudoume pero moitísimo, o marido dela sacábaas a pasear. Metinas nunha gardería porque claro, ao traballar había que metelas nunha gardería. **Marita**



Criei aos meus fillos, bueno (...) axudada, eh! Tiña dúas muchachas, unha á que os meus fillos queren exactamente igual ca min porque estivo cincuenta e dous anos comigo, Maruxa, é da familia total.

O meu marido estaba case sempre embarcado, entón eu estaba soa cos nenos. O que pasa é que estabamos nunha casa da Mariña na que todos eramos familia.

Había douscentos oitenta nenos menores de catorce anos na casa. Viviamos todos: "oe, que necesito tal cousa; oe!, que se puxo mala fulana, que hai que facerse cargo dos nenos", todas nos axudabamos. Se saía a escuadra saían todos. Eu acórdome unha vez que chegou unha que estaba malísima, a pobre, con catro nenos, non coñecía a ninguén. O marido estaba fóra e dixemos: "pois temos que repartirnos aos nenos". Resulta que cando fomos buscalos o que tiña un ano agarrouse ao meu e Merche, a miña curmá, díxome: "ese tócache a ti". Tiñámoslos todo o día e pola noite levabámosllos ceados e bañados, listos en pixama para durmir e pola mañá recolliámoslos outra vez. Había familias de quince e de catorce, tal cantidade de nenos, non pechabamos as portas das casas. **Saruca**

O home podía ir a todas as festas da comarca pero ti se ías a todas dicíanche: "Ai!, neniña, vástete facer moi vista"

OS LÍMITES DE SER MULLER

A súa vida adulta estivo marcada por limiares de desigualdade de xénero. Algúns deses límites non estaban definidos claramente, coma se tivesen forma de ciénaga intanxible que non se podía nomear. Hoxe, moitas daquelas limitacións, identifícanas con claridade e co seu camiñar firme a través dunha sociedade non equitativa contribúen a recuperar a memoria histórica daqueles códigos sociais extremadamente difíciles de cuestionar.

Recollemos aquí os testemuños en forma de conversa para ser fieis a como se foi desenvolvendo cada intervención.

O SERVIZO SOCIAL

No ámbito legal houbo un gran avance en materia de igualdade entre homes e mulleres, especialmente

durante as últimas décadas e elas foron testemuñas da conquista de dereitos que conseguiron as mulleres. É o caso, por exemplo, do xa retirado *Servizo Social*, un trámite obrigatorio para acceder a unhas oposicións ou para poder optar ao carné de conducir. Cóntannos que era imprescindible pasalo para todas as mulleres non casadas e/ou menores de idade (vinte e un anos ata 1978).

Eu, cando quixen sacar o carné de conducir como non era maior de idade fixen o Servizo Social e teño a cartilla. Tiñamos que estudar un libro de Pilar Primo de Rivera e facer unha canastilla calcetada: unhas chaquetiñas de punto de bebé e unhas camisiñas para poder facer o exame. Examinábase en Ferrol, levabas a canastilla, e dicíannos: "tú, un hojal" e ademais facíannos unhas preguntas de Primo de Rivera. Eu non me acordo de nada, saquei o carné á primeira e listo. Hai pouca xente que o teña e eu logo pensaba que ben nos podían pagar algo pola canastilla pero, a quen lle reclamabamos? Aos falanxistas? **Marisol**

Tamén valía se che asinaba alguén como que estiveras a servir na súa casa, eu acórdome que Don Pepe cubríache uns papeis. **Lourdes.**

O CONTROL CARA ÁS MULLERES

Xorde neste percorrido a reflexión sobre o control social ao que estaban sometidas. A través dun ton de confianza e complicidade van dialogando entre elas. Percíbese un entendemento profundo no grupo, falan o mesmo idioma, se cadra, porque viviron os mesmos escenarios. Preguntámoslles se recibían algún tipo de educación sexual antes de ter relacións.

O día que foras casar co noivo, antes non che explicaban nada. **Saruca**

Non che explicaban nada porque xa non se lles pasaba nin pola imaxinación que se che ocorrese que necesitasese sabelo. **Pilar B. F.**

Mira, eu tiña un pai para iso un pouco recto e á hora para comer estaba coa cantinela: "que ese mozo é maior ca ti, que ten coidado que te vai enganar". Ata que un día a miña nai cansou porque eu xamais da vida lle contestei unha palabra ao meu pai e cansou miña nai e díxolle: "mira á hora de comer non quero máis discusións destas, eh!", porque eu acababa por irme da mesa.

N.º del Reg. 69280

UNIDAD PROVINCIAL DE La Cumbre

Srta. Mirtes Magio Marín
domiciliada en
calle de
número, piso, teléfono

*Comunico a usted hemos recibido su instancia solicitando prestar el
SERVICIO SOCIAL, y ha sido inscrita en el censo con el número arriba
indicado, correspondiéndole cumplirlo en los meses de ...*

...

... a ... de ... de 1975

LA JEPF PROVINCIAL




Eu tíñalle moito respecto ao meu pai e sobre ese tema, máis. Daquela era moi distinto, non facía falla quedar embarazada, como andases catro ou cinco anos cun mozo, deixábate e ti na casa para toda a vida, marcada, e xa non che digo cun fillo. Fina

Porque aínda que non fixeses nada con el, xa pensaban, bueno (...) catro anos, esa está de volta (...). Marisol

E aquí, en Mera, eu creo que máis aínda que noutros sitios. Se tiñas un noivo xa duns anos, en Mera xa ninguén che dicía nada. Lourdes

Aquí na ponte, os domingos era o paseo. Paseábase ata a casa de Inés e ata a casa de Marisol. Se te pasabas para O Castro, que xa non había tanta luz, ou máis arriba xa había comentarios toda a semana: "ata onde foi, que iría facer? (....) Fina

Tampouco podíamos ir soas no coche, tiñamos que ir a prole porque se nos vían saír de Mera a unha moza co noivo soa, "bufff", dicían: "esta xa" (...), poñíannos de volta e media e iso era o ano setenta e oito. Marisol

Están de acordo en que Mera era un lugar onde as mozas e as mulleres sufrían especialmente a crítica polas súas condutas. Explicánnos con detalle tamén, como eran os códigos sociais de convivir nun pobo, que comportamentos se censuraban e como se vía dende fóra, dende o muro, calquera movemento feito por unha muller.

Ao home non se lle controlaba nada, era á moza. Todas

Nos bailes que había aquí enfronte, había uns bancos que daban toda a volta e viñan as señoras maiores: "ai!, aquela canto se arrimou, ai! aquela como fala". Persoas maiores que non nos eran nada, controlaban se bailabamos apertados, se non (...) Fina

Nas festas de Ortigueira cando eu tiña noivo, no muro aquel na Alameda, toda aquela fileira estaba chea de persoas maiores sentadas, mirando dende que empezaba a festa. Ás veces, na escaleira de arriba e de abaixo.

Pilar B. F.

Se ías un pouco máis lonxe do paseo, dicían: "son peor que os homes". Pilar M. A

O home podía ir a todas as festas da comarca pero ti se ías a todas dicíanche: "ai!, neniña, vaste facer moi vista".

Marisol

E se quedabas ata o final (...). **Lourdes**

"Levantaches os toldos", dicían: "así que esperaches para levantar os toldos?". **Fina**

Todo eran prexuízos. **Lourdes**

Eu por exemplo, aos dezaioito anos, fun levar á avoa a Canarias. Pasei alí seis meses estupendos pero non te deixaban ir (...) coma hoxe. Só de pensar en saír aos bailes ao meu pai dáballe algo, non. **Saruca**

Outro dos temas que é, con certeza, unha das conquistas feministas máis importantes é a prevención do embarazo, falamos un intre ao redor desta cuestión.

Faciamos o que podíamos para controlar. **Fina**

Non tiñamos diñeiro para comprar a píldora, aquí non se vendía. Dios te libre de estar casada e ir á farmacia para pedir preservativos, que vergoña! Se che coincidía que un

día ías a Ferrol e tiñas os cartos para compralos pero se non, nada. **Pilar B. F.**

Á miña nai oínlle eu que o que Dios lle deu, eu non sei como fixo. **Marisol**

Algunha trampa facería, había medo tamén. Coa situación que había que non era boiante, se querías darlles unha educación, se tiñas un (...) pero se tiñas dous ou tres. Eu pensaba: "se temos máis eu non podo darlle unha educación á miña filla como quero". **Fina**

Eu, á miña filla, a primeira, tívena polo método "ogino", tiñas uns días no mes fértiles que evitabas. **Pilar B. F.**

Pero o método fallaba sempre. **Saruca**

Acórdome de que en Espasante hai moitos homes que cumpren case o mesmo día porque viña ou barco (...). **Lourdes**

Cando viña ou barco se non estaba embarazada a muller, quedaba. **Fina**

Claro, cada vez que viñan do mar, as mulleres non podían dicir: "a min non me apetece", ti dille iso a un home que leva dez meses no mar (...). **Saruca**

É raro que dixesen iso, máis ben: "ai!, como me doe a cabeza". **Fina**

Tamén había homes que se controlaban, pola economía ou polo que fose. **Lourdes**

Bueno (...) mamá casou con trinta e seis e eu fun a última que nacín cando ela tiña corenta. Estivo á morte e o médico que a atendeu díxolle ao meu pai que non podía haber outro e que se había outro non a poderían salvar. E non houbo outro. Casou con trinta e seis e dixo sempre: "grazas a Dios foime ben pero se me fora mal sobrábame moito tempo". **Fina**

Eu sempre desexei que a miña filla fose independente, que non dependera do marido para nada (...)

TRANSGRESIÓNS

O verbo "transgredir" contén na súa raízame o significado de ir máis aló, atravesar, exceder. A iso nos referimos cando dicimos que no contexto cultural e social da súa vida adulta, elas foron máis aló das barreiras do sistema. Con xestos subversivos da súa rutina cotiá, a través da educación que deron ás súas fillas e fillos, buscando a súa independencia económica. De moitas maneiras atravesaron o teito simbólico que non lles permitía camiñar de pé.

CONDUCIR

Pode parecer sinxelo pero conducir non era un privilexio tan facilmente alcanzable para as mulleres ata hai pouco, ter a súa propia mobilidade dáballes unha liberdade realmente importante. Cóntannos que Saruca non podería desenvolver o labor social que fixo en Mera sen a autonomía que lle daba conducir o seu propio coche.

Eu, en Venezuela, manexei. Deixábame a señora o coche, ía sen carné, ensinome o meu marido. A señora miña díciame: "Oíste? Tú das la vuelta a la manzana que tengo que ir a hacer esto", e eu decidida. Fun moi espabilada, a verdade é, para todo, moi espabilada. Si señor, fun e decidida porque se é outra, soa non monta nin nada, a verdade é. Aquí saquei o carné, iamos de cando en cando á Coruña ver ás nenas que estaban internas no Cristo Rey, eu xa manexaba. **Marita**

Pódoche dicir que unha vez estaba o meu marido en Cartaxena mandando e díxome se quería ir e colleu alí un piso. Eu estaba embarazada de sete meses e medio e fun con Maruxa e os tres nenos máis pequenos no coche, e todos os amigos me dicían: "por Dios, ten cuidado en Piedrafita", porque entón non había autovías claro. Ía eu conducindo e eu dicía: "onde estará Piedrafita?". Cando chegamos a Astorga paramos a comer e dígolle a un señor: "mire, canto falta para Piedrafita?", "señora onde deixou vostede Piedrafita!". **Saruca**



COTIZAR E MANEXAR A ECONOMÍA DOMÉSTICA COMO CONQUISTAS PROPIAS

As cotizacións son unha cuestión que preocupa ao grupo. Expresan a súa indignación e a súa confusión respecto diso porque na maioría dos casos non reciben toda a información necesaria para tomar decisións que aseguraran o seu futuro económico. En moitas contornas era unha cuestión secundaria, e séguese sendo, que a muller teña ou non a súa propia pensión durante a xubilación. A transgresión foi adiantarse a este baleiro e empeñarse en pagar a súa cota da Seguridade Social.

*Eu non traballei todo o tempo. Cando eran pequenos os nenos coideinos, bueno (...) o traballo que fai todo o mundo pero grazas a eses traballíños e o da farmacia cobro unha xubilación porque se non cotizas, non fas nada. **Lourdes***

*Eu tamén pagaba a miña cota da Seguridade Social contra vento e marea co meu marido porque el atopábao absurdo. El dicía: "o día que eu morra xa che queda o meu retiro", e eu: "prefiro ter o meu". Empecei a pagala con vinte tantos cando me fixen cargo da granxa. **Saruca***



Eu paguei trinta e seis anos e o meu marido trinta. Eu pagaba o meu na agraria e el estaba primeiro por conta allea e logo por conta propia e entón tiñamos que pagar os dous. A primeira cousa era pagar iso porque despois o demais xa se facía. Eu é que vía aos meus pais que cobraban os dous e eu dicía: "antes de quedarnos sen unha, pagamos as dúas". **Fina**

Non traballei máis fóra de casa, oxalá! Despois por non traballar fóra da casa, por non cotizar, perdín o de Suíza, que iso se que non o entendo porque se fora dicir vén para España pero non, quedou en Suíza. Despois fun para a cartilla do meu marido, non me compensaba pagar un seguro á parte del. **Mari Carmen**

Eu non traballei nada porque o meu marido non (...). Con tres nenos eu dicíalle que quería traballar pero claro, os soldos, como o del chegaba, dicíame: "que queres? Vén unha muller para a casa e ti traballar por aí?". E eu dicíalle: "e cando sexan maiores, que fago?". Como fan agora os meus fillos. Hoxe teñen que traballar os dous para ter un soldo, entre comiñas. E eu iso, sen unha paga, a paga do meu marido pero eu vivo ben, perfectamente, vou de vacacións cando quero. **Marisol**

Algunhas como Marisol tiveron que convivir coa contradición de querer ter un traballo remunerado e non ter as circunstancias favorables para desenvolve-lo. Vencer eses límites tamén podía significar ter a súa propia capacidade para manexar a economía doméstica. Cóntannos que na súa maior parte eran elas as que administraban o diñeiro no fogar.

Eu apartaba o diñeiro para pagar as mensualidades, iso o meu marido deixábamo todo a min, era moita comodidade para eles, non sabes? Eu creo que o facían porque sabían que non eramos gastadoras, que se tiñamos que comprar calquera cousa?, a min tampouco nunca me dixo: "non compres". **Fina**

Eu podo dicir que o meu marido igual, non se decatava de nada. Vai ti ao banco (...) e dicíame: "ai, dáme diñeiro que non teño". Dicía eu: "pero ti non sabes onde está o diñeiro?", e el: "ai!, dáme ti, dáme ti". Tivemos o comercio e tamén era eu a que manexaba. **Marita**

Acórdome cando casou Paca e eu díxenlle: "ti fixate ben, unha libretiña co teu diñeiro", porque ela traballaba moitísimo, "co teu diñeiro e que ninguén se dea conta".

Entón chamábame: "mire, teño tanto, que compro?", e eu: "a lavadora que é o que che vai sacar máis traballo". Cando volvía ter outra vez: "mire e agora que compro?", "a neveira". Eu así todo e ela facíame caso. **Saruca**

A EDUCACIÓN PARA O FUTURO DAS SÚAS FILLAS

Quixeron darlle a volta á súa propia historia, reverter os efectos da educación desigual que elas recibiran e ofrecer estudos superiores ás súas fillas (si, tamén aos seus fillos pero cunha mirada de énfase cara a elas porque partían dunha condición social de inferioridade) para que puidesen recibir todas as oportunidades posibles de ser mulleres independentes e autónomas.

A miña nai si que quería que eu fixese o Bacharelato. A miña nai era mestra e ela si quería claro. Ai! pero o meu pai dixo que nin falar: "que bobada para unha nena". Se non me tivera casado tan pronto, houbera tido unha carreira. Bueno (...), non me arrepinto, eh, porque me foi moi ben pero claro (...), unha carreira como teñen hoxe todas as miñas fillas. Eu empeñeime en que todas estudaran, o meu marido non tanto pero eu empeñeime. Por exemplo, nas casas de Ferrol, na Mariña, as únicas que estudaron

foron as miñas fillas, porque todo era estudar aos nenos, a eles había que darlles unha carreira e a elas casalas cun bo partido. **Saruca**

Eu loitei moito para que as miñas fillas tamén estudaran e traballaran, para que foran independentes dos homes porque eu tiven que estar sempre así, co que me gustaría a min ter tido un emprego e estar libre co meu soldo!

Marisol

Eu sempre desexei que a miña filla fose independente, que non dependera do marido para nada porque a min, grazas a Dios, foime ben e vaime ben pero teríame gustado moito máis ter eu o meu soldo. E pensaba: "non, ti estudas porque non quero que sexas coma min, hai que ser independentes". Se se separa ten o dela, que a miña nai pensaba así tamén. **Mari Carmen**

A muller ten que ter a súa carreira. **Fina**

Á reflexión de se se avanzou en materia de igualdade entre homes e mulleres todas cren que houbo moitos cambios positivos. Comparan o que elas viviron e o que ven ao seu redor. Saben que é un labor



de reeducación de toda a sociedade e que aínda queda camiño por percorrer, pero a súa percepción perante o reto é optimista.

*A saír a muller con amigas, o meu home, tivo que afacerse. Cando fun para as Pontes empecei a facer ximnasia e logo ceniñas e un día cheguei ás sete da mañá. Agora xa non se inmuta, un día díxome: "pero que non son horas de chegar, que dirán os veciños", e eu díxenlle: "o mesmo que dirán os veciños de ti", que el tamén saía pola noite. **Marisol***

*A xuventude axuda moitísimo aos homes. **Lourdes***

*Un día, a miña filla Carolina estaba sentada no sofá e o seu marido pasando o ferro a unha camisa e eu díxenlle: "Carolina está Jose pasando o ferro", e díxome: "mamá non te metas niso, eh!". Fan de todo. **Marita***

*Eu digo que a diferenza está aí. Se eu lle digo ao meu home que poña a lavadora logo me pregunta que a que botón lle dá. **Pilar B. F.***

*Antes tampouco os educaban para iso, as nais sabían que a casa era para a muller, non había esa educación. **Lourdes***

Tamén dicían que se cambiaban de roupa cando ían co carro ou para pasear pola ponte e eu sempre fun coa mesma roupa. A que está a traballar está a traballar

CELEBRACIÓNS E FESTAS COMUNITARIAS

O retrato desta etapa de mocidade e vida adulta non está completo se non falamos dos encontros populares e os ritos nas celebracións que axudan a fotografar o patrimonio da parroquia de Mera. Interésanos saber cando se xuntaban, que costumes culturais había e cales se manteñen hoxe. A conversa tinguéase de certa morriña ao lembrar todo o que foi e o que queda no presente.

A FEIRA DE MERA

Aínda se poden visitar as casetas da feira, a través dos seus relatos facémonos unha idea da dimensión e a actividade que acolleu a feira pero tamén da vivencia da mesma.

*Era moi importante a feira, poida que a de San Claudio o fora máis. Era o vinte e nove de cada mes. **Saruca***

O día da feira nin tiñamos escola nin tiñamos outra cousa. Era como un día de festa, baixabamos á ponte para pasear, había cine. Case todos os que viñan á feira de San Claudio tamén viñan á de Mera. Iamos pasalo ben e, ás veces, mercar algo. **Fina**

Era como un domingo porque pola mañá xa te ías, facías o da casa e saías. A xente nova volvía despois de comer á feira, había un paseo impresionante. **Pilar B. F.**

Na casa de Andrea, a nai de Marisol, serviamos a comida aos tratantes, aos que viñan coas vacas. Cociñaba Andreita e estaba todo cheo. Os tratantes viñan de fóra comprar, iso moi ben, eh! **Marita**

Había feira de gando: porcos, vacas, cabalos, outra zona de verduras e hortalizas, teas, zapatos, bixutería. As mulleres de Cariño viñan co peixe, en salsa, frito, as sardiñas feitas, xa preparadas e alí vendíanas. **Lourdes**

Eu un día fun vender unha galiña. **Pilar M. A.**

Cóntannos, por exemplo, que como había moitas casetas había unha especie de centraliña e alí había un home que radiaba os números das casetas e os produ-

tos que ofrecían. A seguinte pregunta é inevitable: atacando durou e por que terminou?

A chegada dos supermercados grandes que xa vas comprando alí as cousas, a agraria que se foi acabando e xa non se viña vender como se viña antes. **Fina**

Quen ten vacas hoxe en Mera? E, naqueles tempos todos, ata na miña casa tamén as había. **Marita**

E porque non había traballo como hai agora, entón a xente compraba e vendía, compraba teas e vendía patacas e xudías. **Lourdes**

AS FESTAS DE MERA

A celebración do Carme, o patrón de Santiago, a xira de Mera, facemos unha pequena peregrinaxe polas celebracións populares que foron importantes para elas.

O patrón verdadeiro era o Santiago pero a festa máis grande era o Carmen, o segundo domingo de agosto. **Fina**

Porque non había festas nesa data. En cambio, polo Santiago, había tamén en Cuiña, en Landoi (...). **Olga**

Aínda que fixera calor, comíase sopa, cocido e carne asada. Non sei se en todos os sitios era igual, podía haber unha ensalada rusa pero marisco non. Houbo unha tempada que viñan de Cedeira vender percebes e daquela estaban baratos, viñan polo monte con paxes e vendían os percebes. **Fina**

Pola festa do Carmen viñan autobuses de Ortigueira, da Barqueira, de moitos sitios. Tiñas que poñer un sitio en común para quedar coas túas amigas. **Fina**

Acordádesvos cando veu unha orquestra de negras no cantón? Non se collía, veu toda a comarca velas. **Olga**

Se isto era moi famoso muller! **Pilar B. F.**

A xira de Mera comezou a mediados dos anos setenta porque a xente local uniuse para organizar unha merenda no campo que aínda hoxe se segue a celebrar.

Veu máis tarde a xira, cando eramos pequenas nós non había. Faciamos merendas, unha tortilla, se che quedaba unha pouca de carne da festa levábala, todo no campo, sardiñas e pan. Pero agora xa fas rosca, empanadas, churros, chourizos, sardiñas, agora é de todo, cubalibres, de

todo. Faise despois das festas, antes pedíase pola parroquia para facer as festas e agora fainas a Asociación de Veciños pero se non ten diñeiro, préstanlla á Asociación de Montes. **Fina**

Eran as festas aquí, na Ponte. Non pasaban coches ou pasaban a pouca velocidade. **Marita**

Había misa solemne, despois viñas á ponte ás pezas de misa (...), tiraban foguetes. **Olga**

O que hoxe chaman a sesión vermú, eran catro ou cinco pezas de misa. **Fina**

A FORZA DOS ENCONTROS

Das festas populares imos ao paseo de Mera, na Ponte, como centro de encontro para elas, sobre todo na súa mocidade.

Saíamos todos os días de paseo, non che digo que paseo había en Mera! Saíamos de coser da xastrería todas, xuntabamonos unhas cantas, había varias xastrerías, a de Avelino, a de Luís (...). Viñan ata de San Adrián,



de San Claudio, moitas (...). Paseabamos como na rúa Real de Ferrol, como non había coches, viñan os mozos e estabamos cos mozos, alí na ponte vella, estabamos aí asomadas. **Marita**

Tamén dicían que se cambiaban de roupa cando ían co carro ou para pasear pola ponte e eu sempre fun coa mesma roupa. A que está a traballar está a traballar. **Fina**

Cóntannos que sempre que podían ían a todas as festas dos pobos derredor. Desprazábanse a pé ou poñíanse de acordo para compartir coche ou barca.

Iamos a Ortigueira, iamos en lancha. Tiñamos que esperar a marea para volver para á casa. Levabamos un bocadilliño e comiámolo. Segundo a marea parabase nun sitio ou noutro, se a marea era boa, na Pluma, se non, en Lourido. **Marita**

Pero ademais tamén había un sitio aquí, no peirao, por onde as fábricas que aí tamén tiña Ramón barcas na metade da ría. **Olga**

E cando viñan na barca tiñan que estar atentas porque se se despistaban a barca saía e quedaban en seco.

Pilar B. F.

Aínda que fora cos noivos iamos todos xuntos, iamos a San Adrián e viñamos todos xuntos. **Marita**

Para ir, por exemplo, á festa de San Bartolo andabamos polas casas para ver se nos deixaban porque había que chamar ao coche dos Pita e tiñamos que ser máis de quince porque era un autobús. **Fina**

A min dicíanme: "se van os teus irmáns vas", aos meus irmáns non os vía, que os ía ver. Antes había máis unión. **Marita**

Un pouco maiores ou un pouco menos todos nos xuntábase para vir. **Fina**

Lembran con agarimo ese sentimento de unión que gozaron crescendo nunha parroquia como Mera na que as xuntanzas eran un espazo rico e necesario para crear comunidade entre todos e todas.





CULTIVANDO O
PRESENTE

CAP. 6 | CULTIVANDO O PRESENTE

Preferimos que nos coiden na casa

A VIDA AGORA

A vida continúa, chegamos aos seus xardíns presentes, nun senso metafórico e no real, cada unha delas cultiva a súa parcela co esmero e o coidado de quen decide habitarse cada mañá. Camiñamos entre os seus fogares actuais, coa perspectiva das súas biografías, acompañanos a percepción de que está vivo todo o que un día foron.

Dende unha mirada máis ampla da identidade somos o que coidamos, por iso elas son as persoas do seu redor, son as plantas, as flores e a terra que cultivan. Hai unha harmonía entre estas mulleres e o terreo que pisan, se cadra porque se senten parte das cores, dos cheiros, das engurras da terra que terma delas. Enten-

demostramos que esa conexión coa súa contorna natural vén, para algunhas, de moi atrás e, para outras, é algo que foron descubrindo nos últimos anos.

*A min gústanme moitísimo as plantas porque cando eu casei por aquí non se vían pola Casanova e eu pedíaas a Barcelona e tiñaas preciosas. Teño un muro grande diante de casa e non ten vistas, e digo: "que vou facer aquí?", e tiña todo cheo de plantas e flores como nos patios. Houbo unha ocasión que contaramos noventa e oito plantas ou macetas, pero agora está todo ao abandono. **Pilar B. F.***

*O meu marido prexubilouse con corenta e oito anos de Endesa e volvemos a Mera porque a el lle gustaba a casa dos meus pais, e arranxámola e viñemos para aquí. Os meus fillos véñennos ver e os netos felices, encántalles estar aquí. Alí están en pisos e teñen que saír ao parque e aquí téñeno diante da porta. E a miña vida agora aquí, coas flores, teño oitenta macetas de plantas, fago o da casa e nada máis. **Marisol***

Como manter as súas plantas e os seus xardíns é parte central das súas conversas. A miúdo, unha quéixase de que o seu non está moi ben pero deseguido o resto anímana, valorando o seu labor e achegando algunha idea:

como podar as hortensias para que crezan sas e boten flores; que facer cos topos que cavan buracos; canto traballo dá segar o campo e como deixar que as axuden outras persoas.

Abrimos unha porta ao seu cotián, aos pequenos xestos que sementan diariamente. Atopamos, por exemplo, o paseo diario entre elas e imaxinamos que non é só un paseo, é un ritual de encontro.

Gústame pasear, Olga e eu andamos seis quilómetros todas as tardes con bastóns. Sen bastóns non poderíamos, imos a boa marcha. Temos unhas costas tremendas, imos ata Mera de arriba onde nos puxeron un banquiño.

Saruca

*Nós imos todos os días tamén pasear. **Marita***

*Maritiña, ao paso que vades vós, vai calquera sen bastóns. **Fina***

A soidade aparece no seu relato actual como tema central. Non hai dúbidas do que é realmente importante, construír as súas vidas a partir de rutinas que teñan sentido para elas implica nutrir os vínculos. Con todo, expresan a súa dificultade para que se dean esas xun-

tanzas. Comparan pasado e presente e recoñecen a súa necesidade dun contacto máis próximo con persoas no seu día a día.

Eu fun a piscina a aprender, xa de maior. Aprendín aos sesenta anos a nadar, aprendín, vamos a ver, encántame. A doutora mandábame ir e dábame vergoña. Agora vou a piscina tres días á semana, tomamos o café despois en Ortigueira, porque aquí non hai nada. Antes, por exemplo, podíaste reunir para tomar un café. Despois de misa íamos tomar un café, agora temos que ir a Ortigueira. Iso bótoo pero moitísimo, moitísimo de menos porque polo menos estás aí coas túas compañeiras. Porque se tivesemos un centro onde podernos xuntar, pero é que nada, como non vaíamos unha para a casa da outra. Antes había máis reunión nas casa, agora non, coa tele e xa.

Mari Carmen

Antes chegaban as sete da tarde, unha poñíase na porta, a outra viña charlar e formábase un grupo, pero agora non hai ninguén. A tele cortou a relación entre veciños, eu non vexo a ninguén en toda a semana en Ortigueira.

Pilar B. F.

Eu recordo de pequena que na miña casa, eu non sei como tiñan sitio para todo. Viñan os avós de Marisol, o marido de Pilar, o tío de Marisol, unha chea de xente, xogando a partida, escoitando a radio (...). Pero hoxe non se xunta así a xente, é pola televisión. **Fina**

Foron e son as grandes coidadoras e no seu presente non hai certeza de quen poderá coidalas a elas. A conversa vai dende o humor á preocupación, do apoio mutuo á empatía por unhas circunstancias que moitas comparten.

Unha vez, xa tiña ido dúas veces ao servizo, eu cuns cólicos terribles e íame facer unha pouca de manzanilla, e chego á habitación para poñer a bata de casa e dime Cándido: "non será mellor que te vaías facer unha manzanilla?", e eu (...): "Dios cho pague (...)". Ti imaxínache, na casa o marido nada. Agora, fóra para limpar e esas cousas si. **Fina**

Agora os nosos fillos non nos van poder coidar, non teñen tempo. Se están a traballar non lles vas dicir: "quita de aí para vir coidarme". **Pilar B. F.**

A miña filla está na Coruña e se eu me poño mala, como me vai vir coidar? **Mari Carmen**

Terás que ir ti para alí (...). **Fina**

E eu cara alá como vou ir, se están a traballar. As residencias son carísimas. **Mari Carmen**

Facían falta máis residencias. **Saruca**

A min facíame falta unha que me viñese polo menos un pouco á miña casa. **Marita**

Afrouxando ti un pouquiño, que fas o teu e o dos fillos, fas a comida para todos (...). **Fina**

Distráime coa horta, eu estiven fatal, agora estou mellor, verdade que entendedes o meu, non? **Marita**

Preferimos que nos coiden na casa. **Todas**

Pero se perdo a cabeza ao día seguinte que me ingresen nunha residencia, teño feito testamento. Teño memoria de antes pero non de agora (...). O outro día ao sacar os pantalóns saco tamén os calcetíns e non atopaba un. **Olga**

Agora estame pasando que se cadra quero dicir un nome ou un sitio e (...). Comenteillo un día ao médico, díxenlle que me preocupaba moitísimo porque ademais estou a ver a cousa e estou a saber quen é e non me sae e díxome: "e por que lle preocupa?", a ver se vou ter Alzheimer, e díxome: "despois dos setenta e oito non se ten Alzheimer, é demencia senil." **Pilar B. F.**





Escoitando o testemuño de Pilar recoñecemos a importancia que lle dan á súa capacidade para nomear a realidade. De feito, a miúdo nos seus diálogos detéñense, dubidan, mesmo mostran o seu enfado cando non chega a palabra axeitada. A linguaxe é certamente a ferramenta de vida que as mulleres usan para conservar e transmitir as súas historias, especialmente aquelas que non aparecen nos arquivos nin nos libros oficiais.

Gústame divertirme, penso que son alegre. Na miña casa xuntámonos nas festas trinta e tantos. Son acolledora de xente. Na miña casa a miña nai aplaudía cando recibía visitas

CALIDADES: RECOÑECER(SE), A TAREFA MÁIS DIFÍCIL

Comezamos este libro cos seus nomes e queremos pechalo cun retrato propio, co autorrecoñecemento que elas mesmas se queiran facer. Esta publicación tamén persegue poñer luz ás súas calidades, pero elas dubidan ás veces do seu propio criterio para identificalas e expresan que preferirían que fose outra persoa a que falase das súas virtudes. De feito, non titubean en poñer énfase nos defectos. Así, imos tratando de que a proposta para compartir algo que lles guste delas mesmas sexa un espazo de recoñecemento propio que se combina tamén con momentos de apoio, unhas a outras valóranse con espontaneidade e con decisión.

Eu creo que adoito poñer paz entre todo o mundo, que é moi difícil. Poñer orde tamén porque é moi necesario, sobre todo na miña casa. Eu teño que poñer moita paz, porque hai uns xenios na miña casa (...). **Saruca**

Pois eu creo que a miña calidade é que me gusta moito a paz, non me gustan as guerras; e traballadora tocoume tamén, pero por obriga. Tocoume dende pequena, despois dos catorce anos a traballar. E nada, acostumada a coidar aos maiores que tiven. **Fina**

Non sei que vou dicir, que son de paz, quero paz, son tranquila ou sexa, eu penso que tamén servicial. Xa fun máis do que son porque agora xa case custa. E do resto nada, eu tamén coidei a persoas maiores. **Pilar B. F.**

Xorde en varias delas a idea e a necesidade de paz, a través do seu discurso refórzase a figura da muller como mediadora que prevén o conflito nos seus fogares e na comunidade.

Xa resoplei (...). Mira, encántanme os labores, non coser. E bueno, gústame divertirme, penso que son alegre, non sei máis nada. Na miña casa eu non tiven irmáns, pero os meus curmáns por parte da miña nai xuntámonos nas festas trinta e tantos. Son acollidora de xente. Na miña casa a miña nai aplaudía cando recibía visitas e máis nada. **Olga**

Non adoito meterme na vida de ninguén. Tento tamén, se alguén me fai dano, pasar coma se nada, que todo o mundo faga o que el queira sen eu meterme nas súas cousas, téntoo. Traballadora, iso non é, ás veces, unha calidade, é unha obriga (danlle todas a razón). Amiga dos amigos e da familia e xa está. Valente por emigrar? Non creo. Medo non, era máis ben ignorancia, non saber co que te ías atopar. **Pilar M. A.**

Alegre, servicial e xenerosa. Son servicial, Pilar? Verdade? Cando che fai falta algo axúdote. **Marisol**

Pois mira eu son dos meus, facerlles a comida, véñenme todos á miña casa, os meus netos, todos á miña casa. Téñolles a mesa posta, a comida, gústame que se leven ben. Eu tamén coidei á miña nai, á miña sogra. Xenerosa, lévome ben con todos, se podo axudar a alguén axúdoo e máis nada. **Marita**

A min pásame igual que a Pilar, non sei que dicir, non se me ocorre ninguna. Eu teño defectos, unha chea, que sei que os teño. Bueno, eu creo que son traballadora. Eu empecei a traballar, a aprender a coser e bordar e seguí

traballando ata que me xubilei e logo pois (...) de carácter ben, reservada. Non te creas, que me custa dicir as cousas, poñer a cada un no seu sitio cústame. O da paz como a todo o mundo, o balbordo ponme malísima e dende logo que os meus fillos se leven ben para min é importantísimo, e non che sei dicir nada máis. Iso teno que dicir outra persoa, non sei. **Lourdes**

Pero é que na vida, cal é o mellor momento? É que hai de todo, hai os bos e os malos

LOGROS DE VIDA

Non é sinxela a última pregunta que abordamos, queremos que teñan un tempo e un espazo para falar das súas achegas, pero o certo é que non nos ensinaron a honrar os nosos propios logros. Moitas delas non atopan inicialmente a resposta ante a pregunta sobre que che fai sentir orgullosa na túa vida, tamén se quitan calquera tipo de mérito e comparan fazañas que outros si conseguiron. De novo, o espírito empático de axuda entre o grupo, supón un pulo para compartir esas conquistas ao longo da súa biografía. Só hai que mirar en profundidade as súas traxectorias para saber que existen eses logros.

*Pois mira eu cando mellor, cando casei, o día máis feliz da miña vida. E do que fixen, non fixen nada importante (...) pois non, nada. Eu non pasei fame cando a guerra. Do meu matrimonio tamén, supoño, e tamén o pasei fatal, eh!, de todo. O meu marido púxoseme mal en Inglaterra e tívenme que vir. **Olga***

De coidar á miña nai e á miña sogra, de montar o comercio soa, iso si, e das miñas fillas. **Marita**

Orgullosa de que (...) todas dicimos igual, de que coidamos tal e cal, nacemos nunha época un tanto (...). Agora non é así. Enfermou miña nai moi nova e tiveron que coller as rendas da vida e moi ben. Orgullosa da miña filla, vou ter unha neta. **Mari Carmen**

Pois eu non sei, satisfeita, satisfeita, de cando casei, moi ben. Aínda que foi mal despois por coidar aos que coidei na miña casa, aos meus. Eu antes pasaba o cortacésped pero agora non me dá para acendelo. Despois os legumes e todo aquilo é igual, todos os días hai que estar a mirar e limpando. Se ti ves ben aos fillos, ti xa estás contenta. **Fina**

Varias mencionan o tema de educación e do que cada unha fixo para que as súas fillas e fillos tivesen as oportunidades de estudar que elas non tiveran. Pilar B. F., por exemplo, expresa que sempre quixo que puidesen facer unha carreira universitaria á que nin ela nin o seu marido puideron acceder. Para Saruca tamén está claro que o feito de darlles ás súas fillas uns estudos

superiores é a forma de devolver ás mulleres a oportunidade que elas non tiveron.

Na Mariña as nenas non estudaban. Todo o diñeiro que había ía para os nenos porque os nenos tiñan que sacar unha carreira, pero eu empeñeime en que todas as miñas fillas tivesen algo. Non teñen carreiras maiores pero (...). O meu marido dicía: "que bobada", como a min non me deixou o meu pai estudar. **Saruca**

Aos sogros e aos meus pais tamén os tiveron que coidar, estou contenta dos meus fillos que teño tres e de darlles o que puiden, os estudos que quixeron. Eu sempre quixen tamén que eles tivesen o seu soldo. Se cadra mañá non se levan ben cos maridos e é un futuro para eles: é a mellor herdanza que lles podía deixar, que estudasen. Bueno, que están empregados os tres. Eu teño un carácter moi alegre, eu sorrio sempre, non sei se é un defecto ou unha virtude (...). **Marisol**

Orgullosa de que eramos xente humilde que viviamos do que gañaba o meu marido e daquela pouco se gañaba. Orgullosa de poder saír adiante, de poder darlle unha carreira aos meus fillos, de poder seguir vivindo relativamente ben,



non somos ricos pero vivimos. Do resto, pois mira, leveime sempre moi ben co meu marido, fun sempre moi feliz con el. Pasoume como a Fina tiven que coidar a tres persoas e logo aos meus pais. Iso son cousas duras, o bo e o malo do matrimonio, sempre hai. Pero é que na vida cal é o mellor momento? É que hai de todo, hai os bos e os malos. Deixas a túa vida para vir coidar a outras persoas. Eses son problemas que están aí, supéranse, afortunadamente ata o de agora tivemos saúde e nada máis, esa é a satisfacción que teño. **Pilar B. F.**

Un paseo pola súa parroquia marcou o inicio desta travesía que agora se pecha cunha xuntanza ao redor dunha mesa: café, doces e flores para evocar recordos, deixarse sorprender, unha vez máis, pola beleza de Mera e tomar perspectiva de todo aquilo que cultivaron ao longo da súa vida. Neste último tramo do camiño estivemos rodeadas de hortensias, buganvillas, crisantemos, froiteiros, albáfega, tomiño, lavanda... Brotan os aromas e os talos da terra, froito de todas as sementes que foron sementando. Sementes que hoxe intercambian entre elas, quizais é a súa maneira de rebelarse contra a soidade que afecta a este presente. Os vínculos nútreanse dende as raíces, así o mostra a sabedoría que cada unha delas acubilla dentro de si.

